No presente caso os recorrentes non teñen a condición de licitadores no procedemento. O primeiro recurso é interposto por una persoa física no seu propio nome (o Sr. Lomba) e o segundo por unha pluralidade de recorrentes que din actuar en nome e representación de diversas asociacións e partidos políticos: D. Xoán Hermida González, en nome de Espazo Ecosocialista Galego, D. Xosé Cid Cabido, en nome de ANOVA Irmandade Nacionalista, D. Rubén Pérez Correa, en nome de Esquerda Unida, Dna. Dolores Tobío Sueiro, en nome de “Equo”, e D. Xosé Santos Otero, en nome da Asociación Amigos da Nosa Terra. No entanto, ningún deles acredita a representación que di ostentar tal e como esixe o artigo 32.3 da LRJAP. Con respecto a lexitimación de terceiros que non teñan intervido no procedemento para a interposición de recursos en materia contractual, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ten establecido que “El artículo 102 de la LCSE establece que “podrá interponer la correspondiente reclamación toda persona física o jurídica cuyos derechos o intereses legítimos se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados por las decisiones objeto de reclamación.”. Dicha norma se reconduce necesariamente a la doctrina jurisprudencial acerca del concepto de interés legítimo en el ámbito administrativo. Como el Tribunal ha declarado en reiteradas ocasiones (por todas, Resolución 89/2010, de 23 de marzo de 2011) “el interés legítimo equivale a la titularidad de una posición de ventaja o de una utilidad jurídica por parte de quien ejercita la pretensión y que se materializaría, de prosperar ésta, en la obtención de un

beneficio de índole material o jurídico o en la evitación de un perjuicio, con tal de que la obtención de beneficio o evitación del perjuicio sea cierta y no meramente hipotética". Ahora bien, también ha señalado el Tribunal (Resoluciones 31/2010, de 16 de diciembre y 172/2013, de 14 de mayo), con cita de la Sentencia del Tribunal Supremo de 20 de julio de 2005, que "tratándose de contratos administrativos, el interés legítimo viene determinado en general por la participación en la licitación (SS 7-3-2001 citada por la de 4-6-2001), por cuanto quienes quedan ajenos a la misma, en principio no resultan afectados en sus derechos e intereses, si bien no puede perderse de vista que la determinación de la legitimación, en cuanto responde a los intereses que específicamente estén en juego en cada caso, ha de efectuarse de forma casuística, lo que tiene una proyección concreta en los supuestos de procedimientos de concurrencia, en los cuales la condición de interesado no deriva de la genérica capacidad para participar en los mismos sino de la actitud de los posibles concursantes respecto del concreto procedimiento de que se trate, es decir, la condición de interesado no es equiparable a la genérica condición de contratista con capacidad para participar en el concurso sino que es preciso que se ejercite tal condición, ya sea participando en el procedimiento o de cualquier otro modo, sin que pueda descartarse la impugnación de la convocatoria del concurso por quien no participa en razón de las propias condiciones en que es convocado." (por todas RTACRC 482/2014 e 707/2014). E se ben esta doutrina se refire a lexitimación para a interposición de recursos especiais en materia de contratación, é plenamente aplicable ós recursos de reposición interpostos no marco dos procedementos de contratación. Á vista da mesma, podemos concluir que no presente caso os recorrentes carecen de lexitimación activa para a interposición do presente recurso. De feito, dado que a maioría das alegacións formuladas se refiren a oportunidade da licitación dunha concesión de dominio e a cuestións urbanísticas o momento procedimental oportuno para reclamar estas cuestións era o de exposición pública do PCAP con carácter previo ó inicio da licitación.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 116.1 LRJAP), sendo tales (artigo 109 LRJAP):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 107.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.
- e) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso pois ó órgano de contratación carece de superior xerárquico (artigo 109.c LRJAP).

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito no que deberán constar os seguintes extremos (artigo 110 LRJAP):

- a) O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo.
- b) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- c) Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinala a efectos de notificacións.
- d) Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.
- e) As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias todas que concorren nos escritos de recurso presentados polos recorrentes.

Por último, respecto os requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso de reposición de un mes, que deberá computarse a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado (artigo 44.1 e 2 LCSP).

O acordo de adxudicación é de data 10 de outubro de 2014, pero non lle foi notificado ós recorrentes por canto non ostentan a calidade de licitadores. En consecuencia, o prazo computarase dende o día seguinte a súa aprobación, por canto os acordos da Xunta de Goberno Local son obxecto de publicidade na páxina web do Concello, polo que os escritos de recurso foron interpostos en prazo.

Temos que ter en conta, non obstante, que se ben ambos recursos impugnan o acto de adxudicación, o Sr. Lomba no seu escrito de recurso, como veremos no fundamento xurídico cuarto do presente informe, cuestiona a solvencia do adxudicatario para ser titular da concesión de dominio obxecto deste expediente e plantexa cuestións relativas a legalidade do acto de adxudicación. Máis no recurso do Sr. Hermida e outros, as alegacións non se refiren a legalidade do acto de adxudicación, senón a outras cuestións relativas á legalidade e oportunidade da concesión propiamente dita. Aproveita a ocasión procedimental de producirse a adxudicación da concesión para presentar o recurso e entrar en cuestións recollidas no PCAP por imperativo do artigo 80 do RBEL. Estas cuestións deberon ser plantexadas durante o período de exposición pública do PCAP, resultando inadmisibles por extemporáneas neste momento procedimental no que a concesión xa ten sido adxudicada.

Podemos concluír con respecto a lexitimación dos recorrentes que:

- O recurso do Sr. Lomba se ben reúne os requisitos obxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, o recorrente carece de lexitimación activa para a súa interposición, polo que procede a súa inadmisión.
- O recurso do Sr. Hermida e outros reúne os requisitos obxectivos e formais, pero as alegacións que plantexa resultan inadmisibles por extemporaneidade e os recorrentes carecen de lexitimación activa para a interposición do recurso. Tampouco acreditan a representación que din ostentar, se ben, este sería un defecto subsanable de resultar admisible o recurso (artigo 71 LRJAP). Procede, a teor do exposto, a inadmisión do recurso.

Resultando inadmisibles ambos recursos, non procede resolver sobre o fondo dos mesmos.

Quinto.- Aínda que non procede entrar no fondo do recurso, a informante estima necesario, en aras do principio de transparencia que rexe a actividade administrativa (artigo 3.5 LRJAP), que non quede ningunha das cuestións plantexadas por tratar. Nos dous apartados seguintes se contestará as alegacións formuladas en cada un dos recursos.

Sexto.- As alegacións do recurso formulado polo Sr. Lomba poden sintetizarse nas seguintes:

1. A alegación primeira se limita a mencionar os artigos da LRJAP que regulan o recurso de reposición.
2. Na alegación segunda, o Sr. Lomba manifesta a súa preocupación polo feito de que esta nova concesión impide o desenvolvemento do Proxecto de rexeneración integral de Samil, elaborado pola Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, a incoherencia que supón que se tiña derrubado outra instalación dedicada o servizo de hostalería na mesma zona e considera necesario que se tivese esixido o concesionario unha acreditación do cumprimento das normas de xestión medioambiental.

3. Na alegación terceira, o recorrente, tras citar a cláusula 7ª do PCAP, que regula a capacidade para ser titular da concesión, pon de releve que o seu xuízo non está probada a solvencia económica e técnica do adxudicatario baseándose nos seguintes datos:

- O capital social da empresa adxudicataria da concesión so é de 3.005, 06 euros.
- O Rexistro Mercantil rexeitou o depósito das contras anuais correspondentes o exercicio 2013 desta empresa por non ter depositado previamente as dos exercicios 2011 e 2012 e por non acompañar certificación do acta de Xunta Xeral que aprobou as citadas contras.

Como proba destes feitos acompaña sendas certificacións do Rexistro Mercantil, unha dos estatutos de UROGALLO, S.L., e outra do asento relativo o rexeitamento das contas anuais do exercicio 2013.

A alegación primeira non é tal, por canto se limita a citar preceptos legais de aplicación ós recursos de reposición.

A segunda tampouco é unha alegación no sentido estrito do termo na linguaxe xurídica, por canto se limita a expresar as súas opinións respecto a política municipal con relación á praia de Samil, na que se ubica a concesión.

Con respecto a terceira alegación, o recorrente basea a falta de solvencia económica do adxudicatario en dous feitos: que o capital social non é suficiente, e na falla de depósito das contas anuais. No entanto, a cláusula 7.3 do PCAP establece ó respecto que, a solvencia económica e financeira acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- *Informe de institución financeira debidamente inscrita no rexistro de Entidades Financeiras do Banco de España, no que se poña de manifesto que o licitador, gozan dunha situación financeira suficientemente saneada que lle permita facer fronte, ben con recursos propios, ben con recursos alleos, ou ben mediante ambos, ó financiamento necesario para facer fronte á suma do canon anual e a inversión mínima obrigatoria (451.276,66 euros). Adxúntase modelo de informe como Anexo II ó presente prego.*
- *Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó importe da suma do canon anual e a inversión mínima obrigatoria (451.276,66 euros).*

Como se pode apreciar, non se esixe nin un capital social mínimo nin que as contas anuais estean depositadas no Rexistro Mercantil. E se o concesionario non ten cumprido a súas obrigas legais con respecto o depósito das contas, é unha cuestión allea a esta Administración, que deberá ser sancionada, no seu caso, pola autoridade correspondente. A Mesa de Contratación, con carácter previo á formular a proposta de adxudicación ó órgano de contratación, a Xunta de Goberno, cualificou a documentación presentada polo adxudicatario e comprobou que este posúe capacidade para ser titular da concesión. En consecuencia, de terse admitido o recurso, esta alegación procedería ser desestimada.

Sétimo.- As alegacións do recurso formulado polos Sres. Hermida, Cid, Pérez, Tobío e Santos son as seguintes:

1. A primeira versa sobre a lexitimación activa dos recorrentes.

2. A segunda alegación se refire as condicións urbanísticas da parcela obxecto de licitación.
3. A terceira versa sobre a presunta infracción do artigo 103 da LOUGA.
4. A cuarta alegación se refire á presunta infracción do artigo 102 da LOUGA.
5. A quinta alegación é sobre a presunta infracción do artigo 25 da Lei 22/1999, de Costas e o artigo 47 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

A cuestión plantexada na primeira alegación, a lexitimación activa dos recorrentes xa foi tratada no fundamento xurídico cuarto deste informe.

O resto das cuestións formuladas nas alegacións segunda a quinta son de carácter urbanístico e foron obxecto de informe técnico. Se reproduce a continuación o informe do enxeñeiro técnico da edificación, de data 3 de decembro de 2014, resolvendo as mesmas:

“A vista das alegacións presentadas con data 07/11/2014, o técnico que asina o presente, considera os seguintes aspectos, en constestación a ditas alegacións con seguintes considerandos.

#### INFORME :

##### Primeiro.- Situación/ Calificación e Cualificación urbanística

No apartado segundo do escrito das alegacións sinalase a existencia dun erro no tocante a que a clasificación e cualificación urbanística, e errónea. E a ter en conta que según o PXOM a edificación obxecto de informe atopase dentro do ámbito limitado de suelo urbano, segundo o plano da serie 1, nº 10 escala 1/5000, nese plano sinalase dita zona como Sistema Xeral de Zonas Verdes, sendo de aplicación a ord. 14, e segundo dita ordenanza no apartado 9.14.1, no apartado 1º “ áreas incluídas en delimitacións de trama que a define en los planos de suelo urbano Consolidado, aínda que se topen aisladas en outras zonas de ordenanzas”, polo tendo en consideración este apartado urbanisticamente y a efectos de calificación a zona onde se ubica a edificación obxecto de estudo atopase en *suelo urbano consolidado*, de seguir e tendo en conta o art. 9.14.2, o cal diferencia varios tipos de espazos libres:

*1. Espazos libres.- Categoría 1ª. Áreas próximas a vivenda, pequenas zonas verdes locais e espazos interbloques de uso público, xeralmente cunha alta porcentaxe de pavimentación. Inclúense nesta categoría as prazas e paseos nos que hai predominio de pavimento ou terreo que de vexetación.*

*2. Áreas axardinadas, Zonas de xogo de nenos, Zonas verdes de barrio. (Sistemas Locais.) Categorias 2ª e 3ª.- Áreas de esparexemento relativamente próximas a vivenda e excepcionalmente inmediatas ás mesmas, destínanse ó esparexemento en intervalos de ocio en xornadas de traballo ou escola. Poden ter un tratamento como os espazos libres as de menor tamaño, e as de maior tamaño aseméllanse máis ás zonas verdes de cidade, con arboredo, sebes, plantacións de especies florais etc.*

*3. Parques de cidade. (Sistemas Xerais e Locais) Categoría 4ª - Son parques de tamaño de certa entidade que poden ter máis de cinco Has. ou ser excepcionalmente inferiores, pero situados en puntos estratéxicos para o modelo territorial, utilizables en xornadas de ocio con desprazamentos que ocupan un tempo non residual. Son parques urbanos con altas doses de deseño pero que inclúen equipamentos singulares como estanques, foros, auditorios, etc.*



*Poden, así mesmo, conter en réxime de concesión instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª.*

*Dentro desta Categoría, por asociación con Usos Dotacionais Deportivos, poden configurar Parques metropolitanos nos que pola súa dimensión poden practicarse actividades deportivas de varios tipos incluídas as de sendeirismo, cross, etc.*

*4. Espazos libres privados. Categoría 5ª. Son os espazos así definidos polo plan, poden ser de uso público ou privado e se lles outorga esta categoría co fin de garanti-lo seu mantemento, por canto contribúen ó esponxamento dos espazos urbanos, á mellora do medio ambiente e, nalgúns casos, ó mantemento de valores paisaxísticos característicos da cidade.*

*5. Espazos libres de protección. Categoría 6ª. Son franxas de protección de vías de comunicación, redes viarias e ferroviarias, constituídas polas bandas lonxitudinais, normalmente de ancho constante, situadas nas marxes daquelas. Teñen escaso tratamento urbano*

*Polas características técnicas do espazo libre e zona verde este espazo esta perfectamente encadrado dentro do determinado en dito artigo como Tipo 3 "3. Parques de cidade. (Sistemas Xerais e Locais) Categoría 4ª - Son parques de tamaño de certa entidade que poden ter máis de cinco Has. ou ser excepcionalmente inferiores, pero situados en puntos estratéxicos para o modelo territorial, utilizables en xornadas de ocio con desprazamentos que ocupan un tempo non residual. Son parques urbanos con altas doses de deseño pero que inclúen equipamentos singulares como estanques, foros, auditorios, etc. Poden, así mesmo, conter en réxime de concesión instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª."*

*Este tipo aquí definido esta totalmente en concordancia coas determinacións que fixan as ordenanzas no seu artigo 5.8.1, para a Categoría 4ª. Parques urbanos formados polos espazos libres en que existe predominio da zona forestada sobre as zonas verdes urbanizadas, paseos e itinerarios para sendeirismo, ciclismo, etc., e pequenas actividades deportivas sen edificación (petanca, cross, etc.). Poderán dispor de pequenas edificacións de servizo. Inclúense nesta Categoría os parques forestais distribuídos por diversas parroquia.*

*Que a súa vez como ordenanza definitoria vais mas ala do concepto básico do uso e categoría, engadindo algunhas singularidades no caso que nos ocupa " Poden, así mesmo, conter en réxime de concesión instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª.*

*No apartado a que se reflita o escrito de confusión entre categoría e tipo, entendo que debemos de seguir os criterios propios do PXOM no art. 9.14.2, define os tipos de espazos libres, o que nos determina polas súas características de concepto dimensións e usos que tipo de parque, e no que nos atopamos, neste caso e claramente o Tipo 3 que corresponde a categoría 4ª para elo debemos remitirnos a apartado do PXOM de normas xerais de usos e aquí no apartado 5.8.1 nas clases de zonas verdes, nos definen perfectamente as categorías neste caso: "- Categoría 4ª. Parques urbanos formados polos espazos libres en que existe predominio da zona forestada sobre as zonas verdes urbanizadas, paseos e itinerarios para sendeirismo, ciclismo, etc., e pequenas actividades deportivas sen edificación (petanca, cross, etc.). Poderán dispor de pequenas edificacións de servizo. Inclúense nesta Categoría os parques forestais distribuídos por diversas parroquias."., claramente esta definición e congruente coa determinación de tipo, estamos a falar do mesma tipoloxía. Pero si observamos o art. 9.4.13, apartado definido como " EDIFICACIONES E INSTALACIONES PERMITIDAS", claramente estamos a falar que tipo de obras determina a ordenanza que se poden efectuar que nada teñen que ver coas categorías que determina o reximen xeral de uso no seu art. 5.8.1. Toda vez que si facemos a comparativa da totalidade do parágrafo que aparece no art.9.14.3 "3. Na Categoría 3ª admítense as construcións e*

*usos existentes, cuxa situación de concesión poderá renovarse e as edificacións admitirán obras de mantemento e restauración e, incluso, de maneira xustificada, poderán ser ampliadas ata un cinco (5%) por cento. Noutros supostos, aparte das propias de amoblamento, espazos de estancia e recreo, etc., calquera instalación complementaria como auditorios ó ar libre, espazos para a práctica de deporte sen construción pero que esixa movementos de terra que modifique substancialmente a configuración de terreo, ou outras análogas, dado o carácter de Sistemas Xerais destes espazos, o seu desenvolvemento debe levarse a cabo mediante un Plan Especial que contemple tódolos parámetros implicados e harmonice as implantacións pretendidas co principio de protección que a estas zonas corresponde.”. O que podemos comprobar que neste apartado estamos a falar claramente da categoría 4ª das normas xerais de uso ( existen edificacións que teñen unha certa entidade de superficie), que no caso que falasemos da Categoría 3ª das normas de uso “- Categoría 3ª. Área destinada en orixe ó xogo e espaxamento infantil, incorporando aparatos de recreo (randeiras, tobogáns, balancíns, etc.), areeiros, e plantacións e deseño adecuado ó fin previsto, ou acondicionada para a estancia e convivencia de maiores e nenos.” Estamos a falar de outro concepto de espazo libre distinto a o do tipo 3. Polo que considero que a definición do art. 9.14.3 “3. Na Categoría 3ª, e cando menos desafortunada a su definición, xa que neste apartado esta definindo perfectamente que obras se poden realizar no tipo 3, en ningún momento esta definindo unha categoría recollidas no TITULO V Normas Xerais de uso”, senon claramente o tipo de espazo libre.*

#### Segundo.- Situación da Edificación Uso e Obra.

No apartado terceiro mencionase que dita autorización infrenxe o artigo 103 da Lei 9/2002. Temos que considerar que o mencionado artigo recolle tres situacións, unha primeira que e a que se fai mención pero quedan outra dúas que tamen debemos de ter en conta os seguintes apartados ( 2 e 3)

*Nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Agás que no planeamento se dispoña xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.*

*Nas construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento poderán autorizarse, así mesmo, obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como as de mellora, de reforma e, en casos xustificadas, de ampliación da superficie construída que se determinen no plan xeral respectivo..*

A edificación como xa se menciona no apartado 1º deste informe, atopase dentro do ámbito de suelo urbano consolidado, toda vez que dispoñe de a totalidade de servizos urbanísticos, estando suxeto a unha ficha de sistema Xeral definida coa clave SX/EL-ZV/BO7, e a ficha determina que os criterios de ordenación determinaranse pormiudadamente no Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamento do Litoral Urbano ( Alcobre-Samil).

Tendo en conta que actualmente non consta que exista aprobado ningún tipo de Plan Especial o respecto, e polo tanto non hay definición o respecto que decida que zonas son libres cales a contruir si e caso etc., en ningún momento podemos dicir que a edificación obxecto de autorización estea ocupando viales nin zonas de expropiación etc. Estando perfectamente determinada a súa situación nas ordenanzas art. 2.7.20.1.c cuxa definición e a seguinte.”c) Os edificios ou instalacións existentes que se atopan dentro de ámbitos clasificados como Solo Urbano Non consolidado, ou Solo Urbanizable, ..... en tanto en canto non se aproben os planeamentos de desenvolvemento que procedan, ou se redacten e aproben os proxectos de obras de infraestruturas correspondentes. Nun ou outro dos supostos serán os planeamentos ou os proxectos os que ratifiquen ou rectifiquen a condición de fóra de ordenación”. A súa vez no apartado 4 de este

mesmo artigo determinase que a situación de fora de ordenación para este suposto e o de carácter temporal.

Temos tamen que ter en conta que o uso Recreativo clase reunión, como ben se definiu na contestación a o apartado segundo das alegacións, e un uso permisible para este caso art. 9.14.2.3 ( último parágrafo), tomando isto en consideración vemos que o edificio ( non o uso), esta en unha situación de fora de ordenación de carácter temporal e para él, como edificio, son permisibles as obras que foron numeradas no apartado de informe urbanístico, e as mesmas se remite o proxecto que tivo a concesión. Están definidas no art. 2.7.21 das ordenanzas, pero en ningún momento se poden prohibir obras de mantemento e mellora do uso que si é permisible, xa que non está avalada dita prohibición en ningún apartado polas ordenanzas, o estar permitido o mesmo expresamente.

No aspecto do mencionado artigo 103 da LOUGA, según as definicións que manexa dito artigo, en ningún momento se pode deducir que a edificación é incompatible co PXOU actualmente en vigor, toda vez que teremos que preguntarnos cal é a contradición ( o uso), claramente esta recollido como permisible. (o edificio) ¿ existe algun planeamento desenrollado que aquí manifieste que ten que ser un espazo aberto, un edificio un aparcamento etc.? Técnicamente non consta ningún tipo de aprobación que defina este espazo ocupado hoxe pola edificación, polo tanto considerar o mesmo como fora de ordenación total e una aseguranza sin ningún tipo de base. Mais ben por cautela urbanística poderíamos pensar que o edificio ( sola a construción) esta nunha situación do punto 3, do artigo 103 da LOUGA, hacia a un mellor desenrollo dos obxetivos que fixa a ficha SX/EL-ZV/B07.

No que respecto a apartado cuarto das alegacións, volvese a recalcar que é unha infracción o art. 102 da LOUGA ( usos e obras provisionais), baseándose para elo en que a ficha fixa nos seus obxetivos que en Samil preténdese a rexeneración ambiental do areal para elo establece unha serie de medidas e unha delas citada no escrito de alegación “ *eliminación do muro e traslado dos usos lúdicos e deportivos*”, As obras que se plantexan coa nova concesión da café bar existente nada ten que ver co uso lúdico e deportivo. Xa que actividade de Café-Bar Restaurante e un uso terciario Xeral Clase Recreativo e Centro de Reunión, a isto y a maior claridade ven o Decreto 160/2005 da Xunta de Galicia no seu artigo 2.7.2 y 2.7.3 como unha actividade restauración.

Polo tanto non é posible en ningún aspecto poder determinar que a actividade de Café-Bar restaurante, nada ten que ver co uso lúdico deportivo, e por conseguinte nos obxetivos da ficha do sistema xeral SX/EL-ZV/B07, non ten previsto ningún traslado do uso Terciario Xeral, Clase Recreativo e Reunión. Y en consecuencia o uso é permisible y a edificación o non atoparse nunha situación de fora de ordenación definitiva, ( xa que a mesma ata que non se desenrolle dito Plan Especial), non se pode manifestar claramente que é contraria ou axustada a norma. Simplemente se plantexa a edificación en base o art. 2.7.20.1.c, como a súa situación urbanística de fora de ordenación temporal ( art. 2.7.20.4). sendo permisibles as obras definidas no prego de prescricións técnicas.

Terceiro.- Renuncia á indemnización polo valor das obras

De conformidade co artigo 2.7.21 das Normas Urbanísticas do Plan Xeral a cualificación como fóra de ordenación, cando o sexan con carácter temporal como neste caso, establece o suposto de que o propietario na solicitude de licenza renuncie expresamente ó aumento de valor da expropiación derivado das obras e instalacións para as que se solicita licenza (...). Tratándose a edificación dun edificio de propiedade municipal en réxime de concesión deberá valorarse xurídicamente no momento da autorización das obras (aprobación proxecto de execución/licenza) a procedencia da solicitude ao concesionario da citada renuncia.

Cuarto.- Normativa de Costas

Non estamos como se di na alegación nunha edificación destinada a residencia ou habitación nin á actividade hotelera, se non como xa se dixo nun uso terciario Xeral, Clase Recreativo e Centro de Reunión (actividade de café bar-restaurante). A mesma non é unha actividade prohibida e en todo caso sería de aplicación a D. Transitoria 4ª, 2ª, letra c da Lei Xeral de Costas que permite as obras que se contemplan no proxecto. Tamén D. Transitoria 14ª do Regualmento Xeral de Costas. Así o propio órgano competente da Xunta de Galicia en materia de costas xa remitiu ao Concello de Vigo a Declaración Responsable presentada ante eles para a realización das obras sen ningunha obxeción (en data de entrada no Concello de Vigo de 01/12/2014).”.

Así mesmo, no informe da xefa da área de Tenencia de Alcaldía, de data 30 de decembro de 2014, se resolven, entre outros extremos, as cuestións urbanísticas e relativas ó cumprimento da lexislación de costas plantexadas no recurso que nos ocupa, nos termos que se reproducen a continuación:

“Primeiro.- Sobre o réxime urbanístico da parcela

O prego define o réxime urbanístico da parcela nos seguintes termos:

*“A parcela na que se ubica a edificación existente composta de soto, planta baixa e baixo cuberta, de acordo co vixente PXOM (aprobado definitivamente por Ordes de 16/05/2008 e 13/07/2009) está clasificada como solo urbano consolidado, cualificado como Sistema Xeral de espazos libres e zonas verdes. Sendo de aplicación a ordenanza 14 de espazos libres e zonas verdes establecendo a tipoloxía, Tipo 3º Parques da Cidade, categoría 4ª. Atópase no ámbito do Sistema Xeral identificado coa clave SX/EL-ZV/B07 Alcalbre-Samil, que remite á súa ordenación ao Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamento do Litoral Urbano (Alcalbre-Samil) pendente de desenvolver.*

*No tipo 3º, art. 9.14.3.3 das Normas Urbanística do PXOM, admitense construcións e usos existentes, cuia situación de concesión poderá renovarse, admitindo obras de mantemento e restauración, e incluso de maneira xustificada, ampliacións ata un 5%. Poden conter en réxime de concesión instalacións de Terciario Xeral clase recreativo e de reunión na categoría 10º*

*Nas condicións xerais de uso, definidas no artigo 5.8.3 da normativa, determinase que poden incluír pequenas construcións de carácter provisional cunha superficie máxima de 10m2 e altura de coronación de 3m, así como a implantación de usos deportivos valados de dimensións medias.*

*A edificación está afectada pola liña de servidumbre de protección de Costas, polo que deberá tramitarse a autorización da administración competente nesta materia.*

A edificación obxecto de este informe emprazase nunha parcela clasificada como solo urbano consolidado, no sistema xeral de zonas verdes e libres polo tanto nun espazo libre del tipo 3 “Parques de cidade”. O tipo 3 parques da cidade, correspóndese cun dos cinco tipos de espazos libres que a ordenanza 14 de Espazos libres e zonas verdes do PXOM distingue no artigo 9.14.2, isto é, son parques de tamaño de certa entidade que poden ter máis de cinco Has. ou ser excepcionalmente inferiores, pero situados en puntos estratéxicos para o modelo territorial, utilizables en xornadas de ocio con desprazamentos que ocupan un tempo non residual. Son parques urbanos con altas doses de deseño pero que inclúen equipamentos singulares como estanques, foros, auditorios, etc. Poden, así mesmo, conter en réxime de concesión instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª.

Estes cinco tipos de espazos libres engloban as seis Categorías de espazos libres establecidas no do Artigo 5.8.1 incluído no Título V sobre Normas Xerais de Uso das Normas urbanísticas do Plan Xeral:

1ª ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS

2ª ÁREAS AXARDINADAS.

3ª ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS.

4ª PARQUE URBANO.

5ª ESPAZOS LIBRES PRIVADOS

6ª PROTECCIÓN DE VÍAS RODADAS E FERROVIARIAS

O artigo 9.14.2, dentro da Ordenanza 14, establece as seguintes correspondencias:

Tipo 1 *Espazos libres*.- Categoría 1ª. Áreas próximas a vivenda, pequenas zonas verdes locais e espazos interbloques de uso público, xeralmente cunha alta porcentaxe de pavimentación. Inclúense nesta categoría as prazas e paseos nos que hai predominio de pavimento ou terreño que de vexetación.

Tipo 2. *Áreas axardinadas, Zonas de xogo de nenos, Zonas verdes de barrio.* (Sistemas Locais.)  
Categorías 2ª e 3ª.- Áreas de espaxamento relativamente próximas a vivenda e excepcionalmente inmediatas ás mesmas, destínanse ó espaxamento en intervalos de ocio en xornadas de traballo ou escola. Poden ter un tratamento como os espazos libres as de menor tamaño, e as de maior tamaño aseméllanse máis ás zonas verdes de cidade, con arboredo, sebes, plantacións de especies florais etc.

Tipo 3. *Parques de cidade.* (Sistemas Xerais e Locais) Categoría 4ª - Son parques de tamaño de certa entidade que poden ter máis de cinco Has. ou ser excepcionalmente inferiores, pero situados en puntos estratéxicos para o modelo territorial, utilizables en xornadas de ocio con desprazamentos que ocupan un tempo non residual. Son parques urbanos con altas doses de deseño pero que inclúen equipamentos singulares como estanques, foros, auditorios, etc. Poden, así mesmo, conter en réxime de concesión instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª.

Dentro desta Categoría, por asociación con Usos Dotacionais Deportivos, poden configurar Parques metropolitanos nos que pola súa dimensión poden practicarse actividades deportivas de varios tipos incluídas as de sendeirismo, cross, etc.

Tipo 4. *Espazos libres privados.* Categoría 5ª. Son os espazos así definidos polo plan, poden ser de uso público ou privado e se lles outorga esta categoría co fin de garanti-lo seu mantemento, por canto contribúen ó esponxamento dos espazos urbanos, á mellora do medio ambiente e, nalgúns casos, ó mantemento de valores paisaxísticos característicos da cidade.

Tipo 5. *Espazos libres de protección.* Categoría 6ª. Son franxas de protección de vías de comunicación, redes viarias e ferroviarias, constituídas polas bandas lonxitudinais, normalmente de ancho constante, situadas nas marxes daquelas. Teñen escaso tratamento urbano.

A continuación, o artigo 9.14.3 da citada ordenanza 14 establece as edificacións e instalacións permitidas en cada tipo de espazo libre, utilizando o termo categoría en vez de tipo para se referir ós distintos espazos libres que se distinguen dentro da ordenanza. Dito termino "categoría" podería levar a pensar que se refire ás categorías establecidas no artigo 5.8.1. das normas, pero da lectura do contido da regulación do artigo para cada unha delas resulta evidente que se está a referir aos Tipos de espazos libres definidos no artigo *art.9.14.2 Tipos de Espazos Libres* 14 de Espazos Libres e Zonas Verdes :

-Na Categoría 1ª permitiranse edificacións provisionais ou lixeiras, tales como quioscos de bebidas ou prensa, ou similares, cunha sola planta e con tres metros de altura e doce (12) metros cadrados de ocupación. Poderán así mesmo admitirse quioscos de música de dimensión adecuada e xustificada.

-Na Categorías 2ª, aparte de pequenas construcións como as previstas no Punto anterior só se permitirán instalacións de xogos de nenos.

-Na Categoría 3ª admítense as construcións e usos existentes, cuxa situación de concesión poderá renovarse e as edificacións admitirán obras de mantemento e restauración e, incluso, de maneira xustificada, poderán ser ampliadas ata un cinco (5%) por cento. Noutros supostos, aparte das propias de amoblamento, espazos de estancia e recreo, etc., calquera instalación complementaria como auditorios ó ar libre, espazos para a práctica de deporte sen construción

pero que esixa movementos de terra que modifique substancialmente a configuración de terreo, ou outras análogas, dado o carácter de Sistemas Xerais destes espazos, o seu desenvolvemento debe levarse a cabo mediante un Plan Especial que contemple tódolos parámetros implicados e harmonice as implantacións pretendidas co principio de protección que a estas zonas corresponde.

-Na Categoría 4ª admítense pequenas instalacións de servizo ó ámbito con dimensións adecuadas ó uso.

A denominada no artigo 9.14.3.3 “Categoría 3” corresponde a tipoloxía 3 denominada no artigo 9.14.2 “parques de cidade” o cal se deduce do propio contido do artigo xa que indica que a necesidade de desenvolvemento mediante un Plan Especial dimana do seu carácter de sistema xeral, carácter que corresponde somentes ao tipo 3 de espazos libres.

Non existe correspondencia entre as categorías do artigo 9.14.3 e as categorías do artigo 5.8.1 xa que o contido deste artigo 9.14.3 sería contraditorio coas propias definicións das categorías do 5.8.1. A categoría 3 do uso espazos libres defínese no artigo 5.8.1 como “Área destinada en orixe ó xogo e espaxamento infantil, incorporando aparatos de recreo (randeiras, tobogáns, balancíns, etc.), areeiros, e plantacións e deseño adecuado ó fin previsto, ou acondicionada para a estancia e convivencia de maiores e nenos” espazos claramente cun carácter de sistema local, e xa que logo, non correspondente á definición de SISTEMA XERAL coa que o Plan xeral cualifica ó ámbito SX/EL-ZV/B07 Alcalbre-Samil.

A esta interpretación harmónica, sistemática e integradora responde o prego de condicións da concesión cando define na cláusula cuarta o réxime xurídico-urbanístico da parcela.

#### Segundo.-Situación de fora de ordenación temporal da edificación. Obras autorizables

A edificación ó se emprazar en solo cualificado sistema xeral de zonas verdes, está en situación de fora de ordenación temporal, de conformidade co previsto no artigo 2.7.20.4 das Normas urbanísticas do Plan xeral: o art. 2.7.20 regula, para os efectos do disposto no artigo 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e medio rural de Galicia, as situacións de fora de ordenación, recollendo o apdo. “c” do citado artigo, unha das situacións de fora de ordenación temporal, pois ata que non se aprobe o Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamento do Litoral Urbano, actualmente sen desenvolver, non será posible ratificar ou rectificar da situación de fora de ordenación da edificación.

De conformidade ca ordenanza 14 de zonas verdes e espazos libres, estas zonas poderán conter, en réxime de concesión, instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª. Admítense as construcións e usos existentes, cuxa situación de concesión poderá renovarse e as edificacións admitirán obras de mantemento e restauración e, incluso, de maneira xustificada, poderán ser ampliadas ata un cinco (5%) por cento. Estamos ante un caso de fora de ordenación temporal, e polo tanto as obras permitidas son as relacionadas no artigo 2.7.21.2. e non as do artigo 2.7.21.1:

- a) As de conservación e mantemento e as exteriores de reforma menor, que serán admisibles en tódolos casos.
- b) As que vaian directamente destinadas a elimina-las causas determinantes da situación de fóra de ordenación cando esta remediabile.
- c) As parciais de consolidación ou reparación cando non estivese prevista a expropiación ou demolición do inmovible ou a erradicación do uso no prazo de quince (15) anos desde a data en que se pretendese realizalas. Esta excepción non é aplicable ós supostos de usos lesivos a que se refire o apartado c) do punto 1 do Artigo anterior.
- d) As parciais de consolidación ou reparación, cando estivese prevista a expropiación ou demolición do inmovible ou a erradicación do uso antes de quince (15) anos, e as de actividades e insta-

laci3ns, sempre que o propietario, na solicitude de licenza, renuncie expresamente 3 aumento de valor da expropiaci3n derivado das obras e instalaci3ns para as que se solicita licenza e asuma o compromiso de demoler ou trasladala obra ou instalaci3n cando as3 o acordase o Concello de Vigo, sen dereito a indemnizaci3n, de maneira an3loga 3 regulaci3n das obras provisionais.

e) As de cambio de uso por outro compatible, sempre que exista compromiso expreso do solicitante 3 renuncia de calquera incremento no valor de expropiaci3n ou indemnizaci3n.

As obra previstas na cl3usula 12 do prego de condici3ns ser3an de consolidaci3n ou reparaci3n; nembargantes o citado artigo 3 inaplicable 3 conces3n municipal polos seguintes motivos:

- non est3 prevista a expropiaci3n ou demolici3n do inmovible ou a erradicaci3n do uso no prazo de quince anos (15): unha vez aprobado e entrado en vigor o Plan xeral de ordenaci3n municipal da cidade, a data de aprobaci3n do Plan especial do 3mbito 3 indeterminada, igual que a conversi3n da situaci3n de fora de ordenaci3n en definitiva por unha hipot3tica incompatibilidade do inmovible co plan especial que se desenvolva. Ser3 o plan especial o que concl3a, no seu caso, a condici3n de incompatibilidade definitiva do edificio coas s3as previsi3ns, obxectivos e determinaci3ns.
- o inmovible non ser3 expropiado, en canto xa forma parte do dominio p3blico local do Concello de Vigo, sistema xeral de zonas verdes e libres

#### V.-INFRACCI3N DA NORMATIVA DE PROTECCI3N DO LITORAL

A concesionaria ten presentado a autorizaci3n sectorial de costas prevista na normativa sectorial de protecci3n do litoral na letra "a" da cl3usula 21. O citado 3rgano competente da Xunta de Galicia en materia de costas, ten remitido ao Concello de Vigo a Declaraci3n Responsable presentada ante eles para a realizaci3n das obras sen ningunha obxeci3n (en data de entrada no Concello de Vigo de 01/12/2014).

Non estamos ante unha edificaci3n destinada a residencia ou habitaci3n nin 3 actividade hotelera, sen3n ante un uso terciario Xeral, Clase Recreativo e Centro de Reuni3n (actividade de caf3 bar-restaurant). Ademais, nin a Lei de costas, no citado artigo 25.2, nin o regulamento de desenvolvemento, aprobado por RD 876/2014, de 10 de outubro, no artigo 46 proh3ben a instalaci3n. A sensu contrario o art 49 RC, permite usos na zona de servidume de protecci3n, previa autorizaci3n da Comunidade aut3noma, debendo as autorizaci3ns respetar o planeamento urban3stico, tal 3 o caso. A DT 4<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup>, letra c da LC permite as obras que se contemplan no proxecto. No mesmo senso DT14<sup>a</sup> do Regulamento Xeral de Costas.

Oitavo.- A competencia para a resoluci3n do presente recurso corresp3ndelle 3 Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 116 da LRJAP, que encomenda 3 resoluci3n dos recursos de reposici3n 3 mesmo 3rgano que tivese acordado a resoluci3n impugnada.

En m3rito 3 que antecede, SE PROP3N 3 XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das facultades que lle confire a lexislaci3n vixente, A ADOPCI3N DO SEGUINTE ACORDO:

*"1<sup>o</sup>.- Acumular os recursos de reposici3n interpostos por D. 3scar Lomba 3lvarez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de outubro de 2014, e D. Xo3n Hermida Gonz3lez, en nome de Espazo Ecosocialista Galego, D. Xos3 Cid Cabido, en nome de ANOVA Irmandade Nacionalista, D. Rub3n P3rez Correa, en nome de Esquerda Unida, Dna. Dolores Tob3o Sueiro, en nome de "Equo", e D. Xos3 Santos Otero, en nome da Asociaci3n Amigos da Nosa Terra, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de novembro de 2014.*

2º.- Inadmitir o recurso de reposición interposto por D. Óscar Lomba Álvarez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de outubro de 2014, por carecer de lexitimación activa para interposición do mesmo.

3º.-Inadmitir o recurso de reposición interposto por D. Xoán Hermida González, en nome de Espazo Ecosocialista Galego, D. Xosé Cid Cabido, en nome de ANOVA Irmandade Nacionalista, D. Rubén Pérez Correa, en nome de Esquerda Unida, Dna. Dolores Tobío Sueiro, en nome de "Equo", e D. Xosé Santos Otero, en nome da Asociación Amigos da Nosa Terra, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de novembro de 2014, por carecer de lexitimación activa os recurrentes para a interposición do recurso e porque as alegacións formuladas no mesmo non se refiren ó acto impugnado senón a outras cuestións, resultando inadmisibles por extemporaneidade.

4º.- Notificar a presente resolución os recurrentes e á mercantil UROGALLO CAPITAL, S.L., na súa calidade de interesada neste expediente.

5º.-Contra a resolución deste recurso, con excepción do punto 1º, procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP)".

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(51).-DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO MIRADOR DO CASTRO. EXPTE. 19659/240.**

Dáse conta do informe-proposta do 13.01.15, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 13 de xaneiro de 2015, entre outros, acordou:*

##### *1.- Cualificación de documentación administrativa.*

*a)Procedemento aberto para a contratación da concesión da explotación da cafetería do Mirador do Castro. Exped 19659-240*

*Comprobada a documentación presentada pola UTE VIGO VIWES, a Mesa por unanimidade acorda excluír a oferta presentada, xa que un dos membros de dita UTE, concretamente Vigo VIWES, S.L. non estaba inscrita nin tiña presentada a escritura de constitución da sociedade no Rexistro Mercantil na data de finalización do prazo de presentación das ofertas (o 12 de decembro de 2014), incumplindo polo tanto o disposto na cláusula sétima parágrafo 4 1º) do Prego de cláusulas administrativas particulares.*

*A vista do anterior a Mesa por unanimidade acorda propoñer a Xunta de Goberno do concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*



*Declarar deserto o procedemento para a contratación da concesión da explotación da cafetería do Mirador do Castro. Exped 19659-240 xa que se excluiu a única oferta presentada a UTE VIGO VIWES, por que un dos membros de dita UTE, concretamente Vigo VIWES, S.L. non estaba inscrita nin tiña presentada a escritura de constitución da sociedade no Rexistro Mercantil na data de finalización do prazo de presentación das ofertas (o 12 de decembro de 2014), incumplindo polo tanto o disposto na cláusula sétima parágrafo 4 1º) do Prego de cláusulas administrativas particulares.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(52).-DEVOLUCIÓN DE AVAL PARA O CONTRATO DE DISEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2016. EXPTE. 5953/335.**

Visto o informe de fiscalización do 16.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 19.01.15, conformado polo xefe o Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*En data 18 de novembro de 2014, por parte da empresa LA FIESTA ESCÉNICA S.L., constituíse unha fianza por importe de 1.983,47 euros para o contrato de deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2015 (expediente 5541/335).*

*Unha vez realizados todos os servizos correspondentes ao devandito contrato, a empresa adxudicataria, LA FIESTA ESCÉNICA S.L., en data 14 de xaneiro de 2015, solicita a devolución da fianza constituída a tal efecto.*

*En data 15 de xaneiro de 2015, a xefa do Servizo de Festas informa que se pode proceder á devolución da fianza tras se haberen prestado os servizos, consonte os pregos aprobados para a súa contratación.*

*Polo exposto, previo informe da Intervención de fondos e coa conformidade do xefe de Xestión e Promoción cultural e do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“Que polo Servizo de Intervención municipal se proceda á devolución da fianza constituída en data 18 de novembro de 2014 por LA FIESTA ESCÉNICA S.L. con CIF B-36.963.577, polo importe de 1.983,47 euros, para o deseño e produción das carrozas da Cabalgata de Reis 2015, tras a correcta prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(53).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DE OBRAS, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE AO PROXECTO DE REFORZO DA ESTRUTURA E REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS. EXPTE. 13842/333.**

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 19.01.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2014, entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis.*

*Tamén, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 18 de decembro de 2014, entre outros asuntos, acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis (expte 13429/333).*

2.- Fundamentos xurídicos:

*O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 13429/333, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.*

*Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.*

*No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o citado expediente defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.*

*A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que "as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades".*

*Na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde poden ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).*

*O artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de*

*bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.*

### 3.- Proposta:

*En relación o citado expediente para a contratación polo procedemento aberto das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis (expte 13429/333), dende a concellería de Deportes procedeuse polo procedemento de contrato menor, á contratación dos servizos para a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras, sendo adxudicados os servizos o Estudio de Arquitectura Zaballa y Carballas, SLP, que procedeu a nomear os seguintes técnicos para o desenvolvemento destas funcións:*

*–Como directores facultativos das obras a D. Daniel Guisande Lago, arquitecto Colexiado do COAG nº 3211 e D. Juan Zaballa Malcorra, arquitecto Colexiado do COAG nº 2882.*

*–Como coordinador de seguridade e saúde a D. Antonio Carballas Guisande, arquitecto técnico Colexiado do COATPO VR444.*

*En conclusión, cos antecedentes indicados e tendo en conta que o obxecto das obras descritas nos proxectos de obra consiste na reforma da cuberta, conducente á subsanar a entrada de auga e outras filtracións, a través da colocación dunha cuberta tipo Deck, con aproveitamento dos faldóns da cuberta existente e coa execución sobre os mesmos do illamento térmico e a impermeabilización, considérase adecuado o nomeamento dos técnicos mencionados en función da súa titulación.*

*O nomeamento dos responsables da dirección facultativa, así como do coordinador de seguridade e saúde correspóndelle o órgano de contratación, de acordo o estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).*

*Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:*

*Primeiro:* Aprobar o nomeamento como directores facultativos das obras a D. Daniel Guisande Lago, arquitecto Colexiado do COAG nº 3211 e D. Juan Zaballa Malcorra, arquitecto Colexiado do COAG nº 2882.

*Segundo:* Aprobar o nomeamento como coordinador de seguridade e saúde a D. Antonio Carballas Guisande, arquitecto técnico Colexiado do COATPO VR444.

*Terceiro:* Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicaria do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta no pavillón de Teis (expte 13429/333).

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **7(54).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “IV CORRENDO POR VIGO” O VINDEIRO 25 DE XANEIRO. EXPTE. 13530/333.**

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 20.01.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

## 1.- ANTECEDENTES:

O Club de Deportes Carlos Miguel con (CIF:G27779206), solicitou o día 25-11-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc.140143324) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: IV CORRENDO POR VIGO
- Data: 25 de xaneiro de 2014
- Horario:
  - Inicio e fin evento:11.00 h a 13.00h
  - Inicio do Montaxe:09.00h.
  - Fin do desmontaxe:14.00h.

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará ás 11.00 horas e rematará ás 13.00h, percorrendo por Jénaro de la Fuente á altura do nº 27, dirección rúa Aragón, xiro a esquerda e a rúa Aragón ata a rotonda á altura do nº 149, e volta pola rúa Aragón ata xirar a dereita na rúa Jenaro de la Fuente, xiro na rotonda coa Travesía de Vigo, continuando pola mesma rua ata xirar a esquerda ana rúa Úrzáiz, avenida Ramón Nieto ata o nº 338, xiro a esquerda, rúa Ramón Nieto, Urzáiz, ata Travesía de Vigo, continuando pola rúa Urzáiz, ata xirar a dereita na Travesía de Vigo, contunando por esta ata xirar a dereita na rotonda coa rúa Jénaro de la Fuente, se pasa polo punto de saída ata xirar a esquerda na rúa Aragón, percorrendo esta ata a rotonda á altura do nº 149, xirar para voltar por rúa Aragón, xirar a dereita á Jénaro de la Fuente ata chegar a meta.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003, así como o disposto no anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Deportivo Carlos Miguel con (CIF:G27779206) a organizar o vindeiro domingo 25 de xaneiro de 2015, a carreira denominada IV CORRENDO POR VIGO a carreira començará ás 11.00 horas e rematará ás 13.00horas. A saída será dende a rúa Jácinto Benavente á altura do nº 27 e percorrerá dirección rúa Aragón , xiro a esquerda a rúa Aragón ata a rotonda á altura do nº 149, e volta pola rúa Aragón ata xirar a dereita na rúa Jenaro de la Fuente, xiro na rotonda coa Travesía de Vigo, continuando pola mesma rua ata xirar a esquerda ana rúa Úrzáiz, avenida Ramón Nieto ata o nº 338, xiro a esquerda, rúa Ramón Nieto, Urzáiz, ata Travesía de Vigo, continuando pola rúa Urzáiz, ata xirar a dereita na Travesía de Vigo, continuando por ésta ata xirar a dereita na rotonda coa rúa Jénaro de la Fuente, se pasa polo punto de saída ata xirar a esquerda na rúa Aragón, percorrendo esta ata a rotonda á altura do nº 149, xirar para voltar por rúa Aragón, xirar a dereita á Jénaro de la Fuente ata chegar a meta.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **8(55).-DAR CONTA DE RENUNCIAS DE BENEFICIARIOS/AS DAS BOLSAS AO ALUMNADO DA EOIV E APROBACIÓN DE NOVAS ADXUDICACIÓNS DA LISTA DE AGARDA. EXPTE. 16332/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 20.01.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 19 de Decembro de 2014, adoptou, o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, curso 2014-2015. (Expte 16332/332)”.*

*A base décimo primeira da devandita convocatoria no seu apartado de “aceptación da axuda”, recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá presentar asinado no Servizo de Educación do Concello de Vigo, unha aceptación ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo III nun prazo de dez días, contados a partires do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas. Igualmente e coa finalidade de poder librar o primeiro 50% da bolsa no momento da concesión, os beneficiarios/as tamén deberán entregar un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro de asistencia na viaxe e cancelación antes e durante a estancia.*

*Requerida a documentación citada na base décimo primeira, de todos e cada un dos 43 beneficiarios/as propostos das bolsas “Concello de Vigo”, resulta que aceptan expresamente a bolsa 39 deles, coa presentación positiva do anexo III e o pre-contrato asinado coa empresa “Espazo Ensina”. Esta documentación pasa a incorporarse aos respectivos expedientes de cada un dos beneficiarios, que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación, como órgano xestor da referida iniciativa municipal.*

*Concorre a circunstancia de que, tres dos bolseiros beneficiarios resultaron adxudicatarios en dous idiomas distintos e polo tanto tiveron que optar polo desfrute da bolsa municipal nunha única lingua, e unha bolseira directa de inglés ten presentado a renuncia voluntaria ao desfrute*

da bolsa por razóns de incorporación laboral, o cal ten producido as modificacións recollidas a continuación e que non implican alteración do compromiso económico adoitado polo órgano competente:

- A bolsa María Rodríguez Rodríguez (expte. AL-001) co DNI 53.177.522-G resultou beneficiaria directa de Alemán cunha puntuación final asignada de 16,00 puntos, e igualmente tamén resultou bolsa directa de Francés (expte. FR-002) cunha puntuación final asignada de 16,00 puntos. A citada alumna beneficiaria acepta expresamente a bolsa de Alemán achegando a documentación acreditativa para elo, e en consecuencia renuncia voluntariamente á bolsa de Francés que pasa a ser cuberta e ocupada polo 1º integrante da lista de agarda de idioma Francés (París), Jéssica Martín Esteban (expte. FR-020) co DNI 53.194.042-X, cunha puntuación total asignada de 14,50 puntos.
- A bolsa María Luisa Estévez Araujo (expte. IN-029) co DNI 76.911.425-T resultou beneficiaria directa de Inglés cunha puntuación total asignada de 14,50 puntos, e igualmente tamén resultou bolsa directa de Francés (expte. FR-005) cunha puntuación total asignada de 15,00 puntos. A citada alumna beneficiaria acepta expresamente a bolsa de Inglés achegando a documentación acreditativa para elo, e en consecuencia renuncia voluntariamente á bolsa de Francés que pasa a ser cuberta e ocupada polo 2º integrante da lista de agarda de idioma Francés (París), Cibrán Chaves Fariña (expte. FR-014) co DNI 76.993.890-X, cunha puntuación total asignada de 14,00 puntos.
- O bolseiro Edgar Manuel Rodríguez Comesaña (expte. FR-023) co DNI 36.144.021-G resultou beneficiario directo de Francés cunha puntuación total asignada de 15,00 puntos, e igualmente tamén resultou bolseiro directo de Inglés (expte. IN-100) cunha puntuación total asignada de 14,50 puntos. O citado alumno beneficiario acepta expresamente a bolsa de Francés achegando a documentación acreditativa para elo, e en consecuencia renuncia voluntariamente á bolsa de Inglés que pasa a ser cuberta e ocupada polo 1º integrante da lista de agarda de idioma Inglés (Londres), Xesús Morales López (expte. IN-031) co DNI 36.123.149-Q, cunha puntuación total asignada de 12,50 puntos.
- A bolsa Gema Rocha Molina (expte. IN-081) co DNI 39.461.417-H resultou beneficiaria directa de Inglés cunha puntuación total asignada de 14,50 puntos, e ten presentado a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa por razóns de incorporación laboral achegando a documentación acreditativa para elo; e en consecuencia esta renuncia voluntariamente á bolsa de Inglés pasa a ser cuberta e ocupada polo 2º integrante da lista de agarda de idioma Inglés (Londres), Jesús Varcálce Gil (expte. IN-026) co DNI 36.166.681-D, cunha puntuación total asignada de 12,50 puntos.

Verificadas e acreditadas documentalmente as casuísticas particulares anteriormente expostas, resulta o seguinte:

•

AS DÚAS BOLSEIRAS PROPOSTAS PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA, SON AS SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
FR-002	Rodríguez Rodríguez	María	53.177.522-G	16,00
FR-005	Estévez Araujo	María Luisa	76.911.425-T	15,00

OS DOUS BOLSEIROS PROPOSTOS PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA, SON OS SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-100	Rodríguez Comesaña	Edgar Manuel	36.144.021-G	14,50
IN-081	Rocha Molina	Gema	39.461.417-H	14,50

Continuando o proceso, e segundo recolle a base oitava "criterios de valoración" da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; procede propor como bolseiros/as directos ao 1º, e 2º integrantes da lista de agarda do idiomas de francés e ao 1º e 2º integrante da lista de agarda do idioma de inglés, os cales achegan a documentación requirida para aceptación da praza que se incorpora aos seus expedientes.

OS DOUS PRIMEIROS INTEGRANTES DA LISTA DE AGARDA BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS) QUE PASAN A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIROS DIRECTOS, SON OS SEGUINTE:

EXP-TE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUN-TOS	Nº CONTA BANCARIA
FR-020	Martín Esteban	Jessica	53.194.042-X	14,50	ES16 2080 5020 0830 4004 3447
FR-014	Chaves Fariña	Cibrán	76.993.890-X	14,00	ES57 2080 0565 1730 0002 6411

OS DOUS PRIMEIROS INTEGRANTES DA LISTA DE AGARDA BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PASAN A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIROS DIRECTOS, SON OS SEGUINTE:

EXP-TE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUN-TOS	Nº CONTA BANCARIA
IN-031	Morales López	Xesús	36.123.149-Q	12,50	ES93 2080 0535 1030 4000 4507
IN-026	Valcarcel Gil	Jesús	36.166.681-D	12,50	ES28 1465 0100 9617 1326 8474

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das modificacións que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo" para alumnado da EOIV curso 2014-2015, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

*Por elo, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*1. Dar conta das renuncias voluntarias ao desfrute das bolsas "Concello de Vigo", das beneficiarias de francés, María Rodríguez Rodríguez co DNI 53.177.522-G e María Luisa Estévez Araujo co DNI 76.911.425-T.*

*2. Dar conta das renuncias voluntarias ao desfrute das bolsas "Concello de Vigo", dos beneficiarios de inglés, Edgar Manuel Rodríguez Comesaña co DNI 36.144.021-G e Gema Rocha Molina co DNI 39.461.417-H.*

*3. Aprobar as incorporacións de Jéssica Martín Esteban co DNI 53.194.042-X como beneficiaria da bolsa de francés, que acepta a praza como primeira integrante da lista de agarda de francés, e a incorporación de Cibrán Chaves Fariña co DNI 76.993.890-X como beneficiario da bolsa de francés, que acepta a praza como segundo integrante da lista de agarda de francés.*

*4. Aprobar as incorporacións de Xesús Morales López co DNI 36.123.149-Q como beneficiario da bolsa de inglés, que acepta a praza como primeiro integrante da lista de agarda de inglés, e a incorporación de Jesús Varcancel Gil co DNI 36.166.681-D como beneficiario da bolsa de inglés, que acepta a praza como segundo integrante da lista de agarda de inglés.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(56).-PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO MODIFICADO POR INCREMENTO DE 40 PRAZAS NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LÍNGUA INGLESA. EXPTE. 14082/332.**

Visto o informe xurídico do 9.01.15, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 19.12.14, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Facenda, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*1. José María Pascual Franco, en nome e representación da entidade Newlink Mc Kinney-Pascual S.L. con NIF B22210843, solicita con data de rexistro de entrada municipal do 30 de abril de 2013 (nº doc 130047996 que se achega ao presente expte.) a revisión do prezo por incremento do IPC do contrato das 40 prazas que se incrementaron no contrato inicial do expte. 10410-332 pola prestación dun servizo integral para a organización e desenvolvemento do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (coñecido como PILIVIGO ou VIGO EN INGLES, expte. 14082-332).*

*2. A Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado o 22 de xuño de 2012, acordou modificar o contrato de inmersión en lingua inglesa co incremento de 40 prazas no programa (expte. 14082-332) e a prórroga do contrato de servizos de execución do programa de inmersión lingüística:*

- *2.1.- Modificar o contrato de execución do programa de Inmersión en Lingua Inglesa (Pillivigo), adxudicado á empresa Newlink McKinney Pascual, S.L. por acordo da XGL de data 13 de xullo de 2009, polo incremento de 40 prazas no programa que pasarán de 125 a 165 alumnos.*
- *2.2.- O importe da modificación é de 100.000.-€, que poderán ser imputados á partida 3210.227.99.01 do vixente presuposto.*



- 2.3.- Previamente á formalización da modificación do contrato Newlink McKinney Pascual, S.L. deberá constituir garantía definitiva por importe de 5.000.-€
- Autorizar a prórroga para o periodo comprendido entre o 1 de setembro de 2012 e o 31 de agosto de 2013 do contrato para a execución do programa de Inmersión en Lingua Inglesa (Pilivigo), adxudicado á empresa Newlink McKinney Pascual, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local o 13 de xullo de 2009.  
O importe da prórroga na que se inclúe a modificación por ampliación de 40 prazas será de 408.472,71.-€, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e que se imputarán á partida 3210.227.99.17 do presuposto do ano 2012.

*Fundamentación xurídica:*

O PCA particulares correspondente á adxudicación inicial do contrato de inmersión lingüística (expte. 10410-332 para 125 prazas) establece un prazo de duración do contrato de dous anos prorrogables por dous anos máis, polo que este contrato iniciouse o 1 de setembro de 2009 e remataba o 31 de agosto de 2011, pero o mesmo foi prorrogado ate 31 de agosto de 2013.

A modificación deste contrato por razóns de interese público para o incremento das 40 prazas no programa, mediante o expte. 14082-332, permitiu pasar de 125 a 165 prazas na edición de 2012, para a estadía e inmersión lingüística de 40 alumnos máis en High Schools de integración de Reino Unido ao longo de tres semanas (do 18/09/2012 ao 09/10/2012); sendo esta iniciativa municipal de inmersión lingüística, desenvolvida de xeito íntegro e satisfactorio, de conformidade cos parámetros didácticos e pedagóxicos de funcionamento contidos nos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexeron o citado contrato.

Na cláusula 3ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e na cláusula 9 das Follas das características do contrato inicial do expte. 10410-332, se recolle que procederá a revisión de prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de adxudicación, todo elo consonte ao recollido no Capítulo II. Revisión de prezos dos contratos das Administracións Públicas, artigo 89 "Procedencia e límites" do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

En consecuencia e dado que o incremento das 40 prazas formalizouse puntualmente para a prestación dunha única anualidade, este contrato do expte. 14082-332 para incremento de 40 prazas no programa, queda excluído da revisión de prezos non resultando procedente atender a solicitude presentada, e polo tanto cómpre propor ao órgano competente a desestimación da revisión solicitada.

*Documentación achegada:*

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación:

A totalidade do expediente 14082-332

Seguindo instrucións da Concelleira de Educación, consonte ao anteriormente exposto e de conformidade co recollido no presente informe, non resulta custe algún para admon local, non sendo necesario a xuízo do técnico que suscribe agás superior criterio, informe previo de fiscalización preceptiva de gasto por parte do servizo de intervención municipal.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Desestimar a solicitude formulada por New Link S.L. para a actualización do contrato modificado con incremento de 40 prazas no programa de inmersión en lingua inglesa (expte 14082-332) por non proceder a revisión de prezos solicitada, quedando o importe do contrato en 100.000,00.-€

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(57).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “OPTICA 2.0” COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 11560/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 17.01.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.*

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial comercio polo miúdo de aparatos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos “Optica 2,0, S.L.” con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Don Santiago Morice Sangrador en calidade de representante, por acadar as seguintes características:*

- *O proxecto empresarial “Optica 2,0, S.L.” é innovador na área de Vigo, e consiste na implantación dunha óptica, na cidade de Vigo, baseado na interacción tecnolóxica 2.0 para comercialización e asesoramento de produtos e servizos interactivos de cara o cliente:*
  - *Venta minorista de artigos relacionados coa óptica, ortopédicos e fotográficos.*
  - *Servizos de optico e optometrista, para persoas en xeral ou profesionais que dependen de aparatos ópticos.*
  - *Venta de artigos especializados.*
  - *Asesoramento a persoas e profesionais para adaptación as novidades e actualización de dispositivos de traballo diario ao entorno 2.0.*
- *Utilización de plataformas en redes sociais, para promoción do servizo.*
- *A empresa terá o seu domicilio social na r/ Príncipe, 6 e adoptará a forma xurídica de Sociedade Limitada.*

*“Optica 2.0” é unha iniciativa empresarial innovadora, xa que incorporará a actuación e comercialización común a outras ópticas (venta de produtos e servizos de óptica e optometrista) línea de actuación da empresa baseada no asesoramento a persoas de dispositivos 2,0 para facilitar a súa vida diaria e o asesoramento a profesionais para adaptar os seus dispositivos de traballo ó entorno 2,0, ademais das novidades que surxan neste eido.*

*A empresa precisa dun investimento inicial de 120.000 €, sendo a financiación recursos propios do socio 3.000, polo tanto, sen financiación allea de 120.000 préstamo de ICO.*

*O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILES, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.*

*Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.*

*Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.*

*Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado hotel “[Optica 2.0,S.L.](#)” promovida por [Don Santiago Morice Sangrador](#), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:*

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.*
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(58).- MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 6600/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.12.14, o informe de fiscalización do 15.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 9.01.15, conformado pola concelleira de Igualdade, que di o seguinte:

*A violencia contra as mulleres, que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. Desde o ano 2003 ata o día de hoxe máis de 757 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas só en España. Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala. Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia dende*

*diversos dispositivos e programas municipais, entre os que destacaron o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e a Casa de Acollda .*

*A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, obrigaron a introducir cambios que mellorasen tales recursos e que, sobre todo, permitisen facer efectiva esa atención integral ás mulleres que sofren violencia de xénero.*

*No ano 2009, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, da un paso mais na superación deste problema social, e amplía os recursos municipais destinados ás mulleres maltratadas conformando unha ampla rede municipal de atención e acollemento para este colectivo: Centro de Emerxencia e as vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*O acollemento e a atención integral que comprende aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos non son suficientes para que as mulleres en situación de estar a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.*

*A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.*

*A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que facilite unha vida autónoma, independente e favorezca a ruptura co agresor.*

*A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.*

*As “Bases de execución do orzamento que rexen actualmente”, recollen no punto 2º da base 38ª (Subvencións) o procedemento regulamentario específico para a aplicación destas axudas.*

*Por isto, este expediente establece o marco de actuación para o procedemento aplicable o longo do ano 2015, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consta dos obxectivos a clasificación das axudas, requisitos e obrigacións das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contémplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibiliza-las con outras subvencións.*

*En relación ó cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.*

*Atendendo á instrucción 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría: “Bolsas económicas” 2311-280.00.00, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo:*

5272/224 do 2012 e 5793/224 de 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

O procedemento de concesión destas axudas, realizarase previa valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM), ou na súa ausencia por calquera outra técnica do departamento de Igualdade.

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte partida e importe:

Partida	Importe
"Bolsas económicas" 2311- 480.00.00	10.000,00 €.

Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

Por todo isto, cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con estas medidas de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo cos criterios establecidos no presente marco de actuación sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local.

Polo devandito, e despois de subsanar as observacións indicadas pola xefa do Servizo de Fiscalización na dilixencia de data 09/01/2015, proponse á Xunta de Goberno Local:

1º. Autorizar o gasto de 10.000,00 Euros, con cargo á partida "Bolsas económicas" 2311-480.00.00 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero, facultando á Concelleira delegada de Igualdade para a concesión das concretas axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero.

2º.-Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 10.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

3º.- Aprobar o marco de actuación do proxecto de subvencións directas de axudas económicas de apoio para ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO 0

### MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

#### 0.-FUNDAMENTACIÓN:

*A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.*

*A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de case dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que a administración lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que lles facilite unha vida autónoma, independente e favorezca a ruptura co agresor.*

*A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.*

*Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas de carácter individual en relación a asistencia e apoio de emerxencia das mulleres victimas de violencia de xenero para o ano 2015 coa definición do criterio específico, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica en relación as subvencións dentro das bases de execución do orzamento vixente.*

*En relación o cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.*

*O procedemento de concesión destas axudas, realízase previa valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

*A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto a seguinte partida e importe:*

<i>Partida</i>	<i>Importe</i>
<i>"Bolsas económicas" 2311.480.00.00</i>	<i>10.000,00 €.</i>

*Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.*

*Por todo isto, cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramítaranse de acordo coas seguintes bases específicas:*

#### I.- BENEFICIARIAS

*Mulleres vítimas de violencia de xénero que estén a tratamento nos dispositivos específicos de atención á muller do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou vivendas de protección. No caso de que a muller padeza lesións psicolóxicas ou físicas que imposibiliten a recepción da axuda, está poderáse conceder a algún membro/a da súa familia. Esta última circunstancia deberáse acreditar no informe técnico da proposta.*

## II. FINALIDADE

*As axudas económicas aprobadas ao abeiro deste marco de actuación destinaranse a sufragar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura co agresor, que non poidan ser cubertos pola economía da beneficiaria.*

*Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.*

## III.- PROCEDEMENTO E VALORACIÓN

*A proposta de adxudicación desta axuda económica partirá da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) .*

*A traballadora social, funcionaria municipal, cubrirá a solicitude segundo o Anexo I. No informe social emitido deberá quedar acreditada as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas por parte doutros servizos sociais. O importe máximo da axuda establécese en 600 €, agás causas urxentes debidamente xustificadas.*

*Previa conformidade da xefa do servizo , a Concelleira delegada de igualdade será quen teña a facultade de conceder estas axudas emitindo o correspondente Decreto coa resolución.*

*En ausencia da traballadora social, e con carácter excepcional, calquera outra técnica da concellería de Igualdade poderá cursar a devandita solicitude co conforme da xefa do servizo de Igualdade.*

## IV.-XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

*a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a documentación que se indica no seguinte apartado.*

*b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas ,como poden ser, os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia da traballadora social do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.*

## V.- DEPARTAMENTO RESPONSABLE

*Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello.*

## VI.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO:

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller .

No expediente deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 1). Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida elaborárase unha memoria anual que reflicta cando menos:

- número de beneficiarias
- finalidade da axuda
- importe das axudas
- seguimento dos destinos da axuda
- número de solicitudes denegadas
- motivo de denegación de solicitudes”

Vigo, 9 de xaneiro de 2015  
A XEFA DO SERVIZO

Cristina Gómez García

CONFORME:  
CONDELLEIRA DE IGUALDADE

Isaura Abelairas Rodríguez

#### PROTOCOLO ANEXO I

#### Solicitud de Axudas económicas para mulleres en situación de violencia de xénero

Informe emitido por:.....

Traballadora social do servizo.....

Expediente aberto no CMIDM, núm.....

Expediente aberto no Centro de Emerxencia, núm .....

Usuaría da rede de acollemento: SI/NON

Centro de Emerxencia Data de ingreso.....

Data de baixa.....

Vivenda de protección Data de ingreso .....

Data de baixa.....

#### 1.- DATOS IDENTIFICATIVOS E FAMILIARES

NOME E APELIDOS.....

IDADE.....

NACIONALIDADE.....

ÚLTIMO CONCELLO DE RESIDENCIA .....

FORMACIÓN.....

OCUPACIÓN.....



ENDEREZO.....

NÚM.FILLOS/FILLAS.....IDADES.....

NÚM.PERSOAS DEPENDENTES ECONOMICAMENTE DA MULLER.....

2.- SITUACIÓN ECONÓMICA DA BENEFICIARIA

3.- FUNDAMENTACIÓN DA URXENCIA

•

4.- DESCRIPCIÓN DA AXUDA CONCEDIDA (descripción do gasto e importe)

5.- TIPO DE AXUDA CONCEDIDA:

Desprazamento:.....

manutención:.....

cartos de peto:.....

alugueiro.....

Outra (especificar).....

6.- OUTROS DATOS DE INTERESE: ( derivacións, seguimento, etc)

• CONTÍA TOTAL CONCEDIDA .....

♦DATA DE CONCESIÓN.....

♦Documentos xustificativos:(indicar).....

♦Data.....

A TRABALLADORA SOCIAL

D<sup>a</sup> Amalia Gándara Fernández

Conforme:

A xefa do Servizo

Cristina Gómez García

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(60).- CESIÓN DE TERREOS NO CAMIÑO FORTE POR D. ROBERTO GÓMEZ LORENZO. EXPTE. 82015/421.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 12.01.15, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- I. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- II. RD 24 xullo de 1889 do Codigo Civil (CC).
- III. Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- IV. Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- V. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- VI. RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).

**ANTECEDENTES:**

*PRIMEIRO.- Por D. Roberto Gomez Lorenzo solicitouse en data 23.04.2014 a cesión anticipada e voluntaria das parcelas pertencentes ao dominio público do camiño do Forte en Alcabre. Ache-gase polo solicitante unha memoria definitiva das parcelas resultantes trala segregación da parte fora de alineación obxeto de cesión, para a súa inclusión no dominio público, xunto cos planos de situación, línea e rasante, e parcelas resultantes.*

*Consonte a dita memoria, as parcelas obxeto de cesión, a segregar das nº 27 (finca rexistral nº 77378) e nº 29 (finca rexistral nº 77380) no Cño. Forte, teñen unha superficie de 33,05 e 28,15 m2 respectivamente, describindose do seguinte xeito:*

*Parcela 27b: Viario, dunha superficie de 33,05 m2, sendo os seus lindes:*

*Norte: Parcela 27.  
Sur: Camiño Público (Cño. Do Forte).  
Leste: Camiño Público (Cño. Do Forte).  
Oeste: Camiño Público (Cño. Do Forte).*

*Parcela 29b: Viario, dunha superficie de 28,15 m2, sendo os seus lindes:*

*Norte: Parcela 29.  
Sur: Camiño Público (Cño. Do Forte).  
Leste: Camiño Público (Cño. Do Forte).  
Oeste: Camiño Público (Cño. Do Forte).*

*Na data 16.12.2014 achega nota simple informativa do Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, das fincas rexistrais numeros 77378 e 77380, inscritas a nome do solicitante.*

**SEGUNDO.-** *Na instrucción do expediente emitíronse os seguintes informes:*

- a) *Informe dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo a Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 15/07/2014, no que sinala que o terreo que se cede axusta o resto da finca a alineación fixada no PXOM 2008, ampliando o camiño do Forte a un ancho superior a da semicalle, atopándose urbanizado consonte a acta de liña e rasante (exp 11467/411).*
- b) *Informe da oficina de Cartografía de data 29 de setembro 2014 no que achega plano escala 1/200 coas cesións a efectuar polo solicitante no Camiño Forte nº 27 e 29.*

- c) Informe-valoración do Enxeñeiro de Edificación de data 29/10/2014 no que fai unha valoración das parcelas de cesión en 3.114,90 € a do nº 27 e en 2.653,09 € a do nº 29.
- d) A Técnico de Admon Especial informa en data 12 de xaneiro do 2015, que dita cesión gratuita esta exenta do imposto de sucesións e doacións.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).*

*SEGUNDO.- A doazón recollese como un dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitue un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispón dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).*

*En canto ó ser esta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose unicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).*

*TERCEIRO.- A Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Lei 30/2007 de 30 de outubro, considera a doazón un contrato privado e o exclue do ámbito da lei, rexíndose pola lexislación patrimonial, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse (art.4.1 f, e art.4.2). Así mesmo dispoñe o art. 20.2 da mesma lei “os contratos privados rexíranse en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo, no seu caso, as normas de dereito privado, según corresponda por razón do suxeto o entidade contratante. En canto ós seus efectos e extinción, estes contratos se rexíran polo dereito privado”.*

*CUARTO.- Así mesmo, a doazón de bens inmobles deberá constar en documento público, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario, e que conste a aceptación da mesma (artigo 633 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a súa aceptación (artigo 629 Código Civil).*

*QUINTO.- No presente caso, a doazón ou cesión anticipada proposta ten por obxecto a cesión duns terreos que vense afectados, polas alineacións do plan xeral de ordenación municipal vixente, e conseguintemente vencellados no seu destino a ampliación do vial municipal existente, axustándose a acta de línea e rasante fixada e xa urbanizados, tal e como se sinala polo servizos técnicos, o que fai concordante os fins para os que cedese co previsto no planeamento, e con elo a viabilidade de dita cesión, que en calquera caso aceptárase libre de cargas e gravamens.*

*SEXTO.- Consonte a Disposición Adicional segunda da LCSP, corresponde a Xunta de Goberno Local a adquisición de bens inmobles e dereitos suxetos á lexislación do patrimonio.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aceptar a cesión gratuita de D. Roberto Gomez Lorenzo dos terreos de 33,05 e 28,15 m2, sitos nos num. 27 e 29 respectivamente do Camiño do Forte , na parroquia de Alcabre, e descritos no apartado primeiro dos antecedentes, consonte co plano escala 1:200 do servizo de Cartografía de data xullo 2014, para o seu destino á ampliación do Camiño do Forte.*

*SEGUNDO.- Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da cesión en escritura pública e inscrición no Rexistro da Propiedade, sendo de conta do cedente os gastos que se orixinen.*

*TERCEIRO.- Dar de alta os terreos no Inventario Municipal de bens e dereitos.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(61).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR HOSTELERÍA SAMIL PLAYA S.A. CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL 31.10.14. EXPTE. 19702/240.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 14.01.15, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 noviembre , do Patrimonio das Administracións Publicas (LPAAPP)*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

#### *ANTECEDENTES DE FEITO:*

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 31.10.2014 acordou: 1º.- “Desestimar as alegacións formuladas pola entidade HOSTELERÍA SAMIL PLAYA, S.L.U. ó presente expediente de recuperación posesoria incoado por Decreto da Concelleira Delegada de Patrimonio de data 27 de agosto do 2014 ó non resultar desvirtuados, polos motivos expostos nos antecedentes, os fundamentos xurídicos que a motivan. 2º.- Recuperar de oficio a posesión municipal da zona de uso público, nunha superficie aproximada de 200 m2, pechada con valado metálico e ocupada por un tobogán acuático con piscina no Paseo da Praia de Samil (nº Propiedade 393 do IMBD), a carón do Bar Restaurante sinalado co nº 4, denominado 'San Remo', indicado no informe técnico da Xerencia de Urbanismo. 3º.- Concederlle á HOSTELERÍA SAMIL PLAYA, S.L.U o prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, para que proceda á retirada do valado e as instalacións fixas (tobogán e piscina) da zona de uso público. 4º.A- percibirlle que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederáse por esta Administración á execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, co- rrendo do seu cargo os gastos que se orixinen.”*

*Acordo que foille notificado ao interesado en data 6 de novembro do 2014.*

*Segundo.- Da. Milagros Porras Escarpa, actuando en nome e representación de HOSTELERÍA SAMIL PLAYA, S.L.U. , mediante escrito de data 5.12.2014 formula recurso de reposición contra*

*dito acordo solicitando a sua revocación, e a suspensión do acto en tanto se sustancia a resolución do recurso.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*PRIMEIRO.- Procede admitir a tramite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.*

*A entidade HOSTELERÍA SAMIL PLAYA, S.L.U, no recurso presentado alega a nulidade da resolución en base o art. 62.1.6 da LRXAP o estimar que se ha prescindido do procedemento legalmente establecido, en relación co previsto no art. 120 do Regulamento de Bens, sobre o desafuzamento administrativo, pola existencia dun titulo habilitante ou lexitimador ( o precario administrativo), que debera ser previamente extinguido para poder exercer dita facultade de desafuzamento; asi mesmo alega a inexistencia de elementos que xustifiquen a revocación do precario administrativo, o non conter a resolución referencia a interes público algun que o motive; e finalmente solicita suspensión da execución do acordo o amparo do disposto no art. 111 LRXPAC.*

*SEGUNDO.- O recurso de reposición é un medio de impugnación de determinados actos de trámite e resolucións administrativas a disposición dos administrados. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 62 e 63 LRJAP (artigo 107 LRJAP). No caso que estamos examinando ningunha destas alegacions ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non observase que concurra na resolución ditada, a causa de nulidade ou anulabilidade invocada sobre a falta de procedemento na sua adopción. No recurso formulado limitase o recurrente a incidir en cuestións que xa constan alegadas na instrucción do expediente, informadas e resoltas no acordo recurrido. Carece de fundamento a nulidade alegada sobre a falta de procedemento xa que a resolución adoptada pola que se acorda a recuperación de oficio da posesión municipal da zona de uso publico ocupada, foi ditada dacordo co disposto na LPAP (art. 55) e polo procedemento regulado no art. 70 e ss do RBEL, non concurrindo conseguintemente a causa de nulidade invocada do art. 62.1.6 da LRXAP. A pertinencia e necesidade do procedemento seguido xa consta xustificada na fundamentación xuridica da resolución, facendo constar que “A xustificación na tramitación do presente procedemento resulta da obriga legal do exercicio das accións administrativas para a protección e defensa do seu patrimonio fronte actos usurpatorios. O exercicio da facultade de recuperación posesoria en contraposición ao desafuzamento administrativo, seméllase no presente caso axeitada ante a falta de título outorgado por esta administración ó alegante para a ocupación do dominio publico e a conseguinte ocupación ilícita do mesmo, non precisando dunha previa declaración de extinción ou caducidade de titulo, xa que o interesado non ostenta autorización ou concesión administrativa algunha que ampare dita ocupacion, nin dá lugar á indemnización, ó contrario, a ilícita ocupación e a necesidade de restablecemento da pública posesión, poderá conlevar a reclamación dos danos e prexuízos que se ocasionen ao dominio público.” (FD Quinto).*

*O interes xeral de dita facultade administrativa, esta implicito no seu exercicio fronte a feitos constitutivos dunha ocupación ilícita do patrimonio municipal e na defensa e protección dese patrimonio, garantindo o uso comun xeral dos bens de dominio público destinados o uso publico, como acontece no presente caso..*

*TERCEIRO.- Finalmente, no que atinxe a solicitude de suspensión da execución do acordo, consonte o art. 111. da LRXAP e PAC , procede sinalar que dita Lei contempla e regula a posibilidade de suspensión, via recurso administrativo, da execución do acto impugnado previa ponderación suficientemente razonada entre o perxucio que causa ao interes público ou a terceiros a*

suspensión e o perxuício que causa ó recurrente como consecuencia da eficacia do acto, cando concurran algunha das circunstancias legais establecidas no art. 111. 2.. No presente caso, a recurrente límitase a solicitar a suspensión, en tanto non se resolva o recurso, en base os vicios de nulidade alegados e os evidentes perxuícios que lle causa o dexaloso, pero sen chegar en modo algun a concretar nin cuantificar estes, procedendo conseguintemente a desestimación de dita pretensión. En todo caso, considerando que o dereito que pretende protexer o acordo adoptado non é outro que o uso público do espazo ilícitamente pechado pola recurrente, debera prevalecer o interese xeral no restablecemento dese uso mediante a execución do acto fronte os posibles perxuícios que poidera alegar a recurrente.

CUARTO.- En merito ao que antecede, procede desestimar o recurso de reposición formulado pola interesada contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de outubro do 2014, resultado competente para adoptar o acordo resolutorio o propio órgano de goberno, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por Da. Milagros Porras Escarpa, actuando en nome e representación de HOSTELERÍA SAMIL PLAYA, S.L.U., contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de outubro do 2014, o non resultar desvirtuados, polos razonamentos expostos nos antecedentes da presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(63).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2014. EXPTE. 26100/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.01.15, e o informe-aclaratorio da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 19.01.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 13.01.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **INFORME-PROPOSTA:**

Con data 07/1/2015, a xefa do negociado de Cemiterios co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Decembro 2014 así como as datas de realización de dito exceso.

A instrución cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuíranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013. Dito importe reducirase na parte proporcional que corres-

*ponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada,*

*O persoal relacionado no expediente atopase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no periodo obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento , en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc*

*No escrito do negociado de cemiterios de data 02/1/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de decembro de 2014, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.*

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso , poidan ser fixas na súa contía nun periódicas no seu dveengo , nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Lo-*

cais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacions”, proponse a adopción do seguinte A C O R D O:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de decembro de 2014, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacions”, por importe total de 1.105,40 €

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

## Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodríguez, Jose Luis	552,70.- euros
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	552,70.- euros

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **15(64).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2014. EXPTE. 26101/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.01.15, a ampliación de informe da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 19.01.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e



avaliación de Recursos Humanos, do 13.01.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relación do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Decembro de 2014, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto*

dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de decembro de 2014.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polos persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao

incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 360,20 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO

N.P.	Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	102,91
09722	Pardellas Avion, A Avelino	77,19
22790	Sousa Atrio, Jose Manuel	77,19
81369	Seijas Fernández; Alberto	102,91

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(65).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2014. EXPTE. 26099/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.01.15, e a ampliación do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 19.01.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 13.01.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese escrito da xefa de negociado do servizo de Cemiterios en data 07/1/2015, co visto e praxe da Concellería delegada da Área, relacionando o persoal que ten dereito a percibir o complemento de productividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Decembro de 2014, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito do Servizo de data 02/1/2015 realiza a súa actividade laboral en réximen de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañan de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*O complemento de productividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de productividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de productividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da productividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3’64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Asi mesmo, en sesion de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inxecusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e*

Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse a adopción do seguinte A C O R D O :

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de 848,12 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

XORNADA PARTIDA CEMITERIOS DECEMBRO 2014			
N.P.	Apelidos e nome	Días traballados	Importe
23490	Alfonso Paz, Jesús	14	50,96 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	17	61,80 €
13600	Cabaleiro González, José	16	58,24 €
77225	Cid González, Alberto	17	61,88 €
77691	Conde Lorenzo, Héctor	14	50,96 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	19	69,16 €
82456	Costas Villar, Alberto	18	65,52 €
78924	González Seijo, Antonio	16	58,24 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	19	69,16 €
76563	Pereira Fona, Juan José	16	58,24 €
82187	Quintas Pérez, Jose Juan	15	54,60 €

76430	Rodríguez López, Adolfo	17	61,88 €
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	18	65,52 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	17	61,88 €
		TOTAL	848,12 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(66).- SOLICITUDE PRÓRROGA DISPONIBILIDADE 2015 (POLICÍA LOCAL). EXPTE. 42906/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.01.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 19.01.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*En relación co informe da Intervención Xeral de data 13/01/2015 ao expediente 42906-212 "Proposta de Prorroga xornadas de dispoñibilidade da Policía Local para o ano 2015", informase:*

*No referido informe recollese textualmente:*

*A prorroga das xornadas de dispoñibilidade, procedente do expediente orixinal instruído en el año 2012, véñse executando baixo o concepto de produtividade, supeditado ao exercicio de accións ou situación de carácter imprevisto, extraordinario e non conxunturais.*

*Descríbese no apartado VI un mapa de eventos moi xenérico, sen unha motivación expresa da súa catalogación como actos extraordinarios non encaixables dentro as funcións ordinarias que a normativa aplicable á forzas e corpos de seguridade asigna aos membros pertencentes ao Corpo da Policía Local. Constatar, asimesmo, a contradicción observada entre o sinalado no párrafo 2º do apartado dous do dispositivo de acordo que acompaña a proposta de gasto, e indicado no apartado 1º.*

*Deberá incorporarse un novo apartado a proposta, de tal xeito que queda rotundamente claro, que as xornadas de reforzo teñen a consideración de coxunturais, que veñen xeradas pola execución puntual de eventos ou circunstancias sobrevidas que non teñen o carácter de estables.*

*Debe insistirse que as xornadas, dada a súa coxunturalidade, non están sometidas a unha execución linial mensual, polo tanto, o devengo tampouco será mensual, baseándose precisamente na non estruturalidade das mesmas.*

*Deberá recoller o acordo da prorroga, como así se indicou na fiscalización exercida o Acordo marco do ano 2012, que os incrementos sucesivos da plantilla do Corpo da Policía Local que se produzan no futuro, terá que ir acompasado cunha minoración no número e no custo das xornadas, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.*

*No que fai referencia ao contido económico da proposta, non se fixa unha contía global do gasto para a presente anualidade, quedando o mesmo supeditado ao número de xornadas a realizar e condicionado pola previa dispoñibilidade orzamentaria para o seu recoñecemento. O*

*Plan, polo tanto, é orientativo e máximo, o cal non quer dicir, que se execute, dependerá das necesidades e das dispoñibilidades orzamentarias.*

*O Plan que se está a instrumentar, e por tanto de máximos, o que non quer dicir, que se execute na súa totalidade, a execución do mesmo, estará determinada polas necesidades do servizo, dos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias, e por suposto, da dispoñibilidade orzamentaria.*

*A delegación da Xunta de Goberno Local no Sr. Concelleiro Delegado, para a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas tamén debe ser prorrogada.*

*A súa execución parcial, quedará condicionada a tramitación previa do expediente, coa autorización do Sr. Concelleiro Delegado, no que se acredite as necesidades a cubrir, número de xornadas e custo, e si as dispoñibilidades orzamentarias o posibilitan, poderán ser exectoadas coa autorización da autoridade política.*

*Para facer fronte aos gastos que sexan necesarios para a execución do Plan, poderán transferirse créditos dispoñibles nas vacantes que a finais de cada mes non fosen utilizados, sempre e cando estén cubertos os gastos que devengan mensualmente os contratos vixentes que recolle a aplicación orzamentaria 9220.1400000 relativa a outras modalidades de contratación e a 9220.1410000, indemnizacións por sentencias xudicias*

*Unha vez incorporados a proposta as conclusións recollidas neste informe, a Xunta de Goberno Local, previo estudo e consideración do indicado na proposta e informe de fiscalización, é o Órgano municipal competente para resolver o trámite en execución.*

*Na parte dispositiva do Informe proposta deste Servizo de data 08/01/2015 proponse a Xunta de Goberno Local :*

*–Prórrogar durante o ano 2015 o Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, expte. 36255/212, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.*

*–Delegar no Concelleiro da Area de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas*

*–A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non teran carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico.*

*En consecuencia enténdese que :*

*As xornadas de dispoñibilidade que poidan realizarse ao longo do ano 2015, dentro da prorrogación do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012 , se corresponderán co obxectivo principal*



*seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas e que de ningún xeito teran carácter de estables.*

*As xornadas, dada a súa coxunturalidade, non están sometidas a unha execución linial mensual, polo tanto, o devengo tampouco será mensual. O concepto retributivo para o seu aboamento será o de produtividade, polo que non poderán ser de ningún xeito retribucións de carácter fixo nin periódico.*

*No punto Primeiro do Acordo Marco que se propon prorrogar se recolle que::*

*“A xefatura da Policía Local solicitará xustificadamente a autorización previa das xornadas de reforzo que sexa necesario realizar en base as previsións das necesidades do servizo e estas serán autorizadas previo informe da Intervención Xeral da existencia de crédito”*

*Polo que a autorización e posterior realización de xornadas de dispoñibilidade sempre estará condicionada as necesidades do servizo debidamente xustificada e a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 92001500000.*

*En canto as posibles transferencias de créditos necesarias para afrontar o gasto que poidan este Servizo informa mensualmente ao Concelleiro delegado de Xestión Municipal da situación das aplicacións orzamentarias 92001400000, 92001410000, 92001500000 e 92201510000, os gastos previstos e a dispoñibilidade dos créditos non utilizados dos postos vacantes ata a data.*

*En relación ao punto dous das conclusións do Informe da Intervención Xeral, en data 16/01/2015, o Intendente Xefe da Policía Local realiza ampliación do seu informe proposta de data 30/12/2014, no que se reafirma no carácter coxuntural da realización das xornadas de reforzo, a non xeración de execución lineal nin devengo mensual, aspectos xa recollidos no informe referenciado no seu apartado IX.*

*En consecuencia, tendo en conta as observacións realizadas pola Intervención Xeral, a ampliación de informe do Servizo da Policía Local de data 16/01/2015, sometese a aprobación da Xunta de Goberno a seguinte proposta:*

*1.-Prórrogar durante o ano 2015 o Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, expte. 36255/212, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.*

*2.- Delegar no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas*

*3.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade).*

4.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non terán carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico

5.- Os incrementos sucesivos da plantilla do Corpo da Policía Local que se produzan no futuro, terá que ir acompañado cunha minoración no número e no custo das xornadas de disponibilidades a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(67).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE REXISTRO XERAL. EXPTE. 25956/220.**

Visto o informe de fiscalización, do 19.01.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, da mesma data, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

Con data 15 de outubro de 2013, o Xefe do Rexistro Xeral solicita a adscrición de persoal auxiliar que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta o normal desenvolvemento do servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 03 de decembro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Rexistro Xeral, nos termos da solicitude do seu xefe de Servizo, referenciada.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Examinada a referida lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, ningún aspirante reúne os requisitos para ser novamente nomeado, ben por renuncia dos seus titulares ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses

dende que finalizou o último nomeamento por acumulación de tarefas como auxiliares administrativos/as, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP.

Non sendo posible a cobertura do referido posto demandado, e ante a urxencia producida no Servizo, e para evitar unha nova selección que suporía unha gran dilación no tempo e, o conseguinte custe que supón un novo proceso selectivo, aconsella recorrer a lista de substitucións da convocatoria de administrativos/as de administración xeral, xerada con ocasión da execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010 e 2011 que figura na acta do correspondente órgano de selección de data 1 de agosto de 2013, tendo en conta a similitude de funcións que para ditos postos foron aprobadas con carácter definitivo pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 23 de decembro de 2005.

En consecuencia, foi requirida a aspirante que figura como cuarta reserva da referida lista, D<sup>a</sup>. Lucía Olmos Pita, DNI 33.545.516-Q, a cal acreditou neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, toda vez que a aspirante que figura no primeiro lugar, D<sup>a</sup>. Isabel González Sánchez, DNI 36.151.568-F foi nomeada interinamente con ocasión do expediente 25476/220 e que remata o 03/02/2015, a aspirante que figura no segundo lugar D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Formoso Salgado, DNI 76.727.301-Z, conta coa condición de funcionaria de carreira doutra Administración e, o aspirante nº 3-Martínez Couto, Victor Manuel, DNI 76.991.699-G, renunciou voluntariamente por mellora de emprego a posibilidade de ser nomeado; acreditando neste Servizo, os requisitos e demais condicións para o seu desempeño.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta leva mais de seis meses dende que rematou o seu último nomeamento interino como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25308/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 12/07/13, rematando o mesmo en data 16/07/2014, polo que está en condicións de ser novamente nomeada desde o día 17 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na última

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

*g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

*h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

*i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

*j) Protección da salubridade pública.*

*k) Cemiterios e actividades funerarias.*

*l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

*m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

*ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.e) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrución 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición do xefe do Servizo do Rexistro Xeral, anexo ao expediente.

O nomeamento interino por acumulación proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha auxiliar para o Rexistro Xeral, supón un gasto de 10.747,62€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.299,51 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo do Rexistro Xeral, contidas no escrito de data 06 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€, con cargo a partida

orxamentaria 922.0.140.00.00 do vixente orxamento prorrogado para o ano 2015, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. LUCÍA OLMOS PITA, DNI 33.545.516-Q, seguinte aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2010, de conformidade coas bases xerais da mesma, o estar neste intre esgotada a lista de auxiliares de Administración Xeral.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo do Rexistro Xeral, cód. 232.

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(68).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A PRÓRROGA NO SERVIZO ACTIVO DO FUNCIONARIO D. JESÚS SAAVEDRA RODRÍGUEZ. EXPTE. 25886/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 15.01.15, que di o seguinte:

*Con data 12/11/2014 (documento nº 140138287) tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, presentado por D. JESUS SAAVEDRA RODRIGUEZ, con nº de persoal 14166 e DNI núm.: 35.984.439-L solicitando a prórroga da permanencia no servizo activo por un período de 2 anos.*

*Coa vixencia da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) a configuración legal efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal provoca a necesidade da determinación de criterios de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.*

*O artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos*



de idade. A Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación.”

Tal precepto foi interpretado, para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos, mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública -coas reformas que no seu día efectuaron no seu teor as Leis 13/1996, de 30 de decembro, e 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social- o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo, e dende o 01/01/1998, ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar por imperativo legal ao cumprir os 65 anos de idade.

O Ministerio de Administracións Públicas (MAP), en coordinación coas Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobou os “CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”, consignando con total claridade que as Administracións Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

O interesado solicita a prórroga do servizo activo con suficiente antelación, cumprindo a idade de xubilación forzosa (65 anos e tres meses) o vindeiro 27/04/2015.

Asimesmo, pola Sra. Xerente de Urbanismo emítese informe en data 28/11/2014 favorable á dita dita petición, manifestando que o Sr. Saavedra Rodríguez está adscrito ó posto nº 402.01 “Xefe Cartografía-Delineación” e que ven desenvolvendo cun rendemento adecuado as funcións e tarefas propias do citado posto e sinalando, e que é aconsellable para o correcto funcionamento da Xerencia, en conclusión, que se considera beneficioso para a Xerencia Municipal de Urbanismo a prórroga no servizo activo do funcionario pola aportación da súa experiencia profesional.

Como consecuencia do exposto, e vistas a competencia para a declaración das situacións administrativas e xubilación do persoal municipal que residen no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a prórroga no servizo activo do funcionario municipal D. Jesús Saavedra Rodríguez, con DNI núm.: 35.984.439-L e nº de persoal 14166, Técnico de Administración Especial (Topógrafo) adscrito ao posto de traballo “Xefe Cartografía e Delineación” da Xefatura da Xerencia de Urbanismo, con efectos do día 27 de abril de 2015 -data de cumprimento da idade de xubilación forzosa- nos termos da solicitude formulada polo interesado e de conformidade cos fundamentos xurídicos expresados.

Segundo.- A presente autorización de prórroga no servizo activo será por un período de un ano, renovable a petición do interesado, debendo solicitar dita renovación cun prazo de antelación mínima de 3 meses á data da finalización da prórroga concedida e, declarándose de oficio a xubilación forzosa de non facelo. O interesado poderá poñer fin á prolongación no servizo activo en calquera momento, mediante comunicación cunha antelación mínima de 3 meses.

*Contra o presente acordo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo dun mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse. Neste caso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses.*

Con data 16.01.15 o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **20(69).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO MONTE DA MINA. EXPTE. 13677/411.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Urbanismo, do 19.01.15, conformado polo director de desenvolvemento Urbanístico, que di o seguinte:

*O día 01.03.2012 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos resolveu iniciar a redación e tramitación, por iniciativa municipal, do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina (Castrelos) e encomendar estes traballos á Oficina de Planeamento – Xestión.*

*O 15.06.2012, o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica o nomeado Plan Especial, facéndose pública esta Decisión mediante anuncio no DOG nº. 132, do día 11.07.2012 e na páxina web da CMATI.*

*O día 04.02.2013, o Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade emitiu o informe relativo ás IMDs de tráfico nas distintas rúas da parroquia de Santa María de Castrelos, que obra no expediente.*

*En sesión ordinaria do 15.03.2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina, elaborado pola Oficina de Planeamento – Xestión en febreiro de 2013, abrir un trámite e información pública polo prazo dun mes mediante anuncio no DOG e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia, notificar individualmente aos titulares catastrais e recabar os informes sectoriais procedentes. O dito anuncio publicouse en Faro de Vigo (páx. 7) e Atlántico Diario (páx.11) o día 12.04.2013 e no DOG nº. 94 do 20.05.2013.*

En data 30.07.2013, o Secretario da XMU expediu certificado acreditativo de que durante o prazo de información pública presentáronse un total de 13 alegacións (a última fóra de prazo). Incorporouse tamén ao expediente unha copia do escrito presentado o día 21.03.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130033065) pola Asociación de Afectados da Avenida Alcalde Portanet e a Asociación Ecolóxica Parque de Castrelos.

Os días 31.10.2013, 03.12.2013 e 09.01.2014, o topógrafo municipal emitiu os informes que obran no expediente.

As rectificacións esixidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en informe do 18.11.2013, incorporáronse na versión V.2 do plan especial, redactada polos técnicos municipais en febreiro de 2014, reflectíndose nela as modificacións requiridas polo estudo e proposta de estimación dalgunhas das alegacións presentadas. A versión V2 do plan especial consta de:

- Documento 1: Memoria Informativa e os seus anexos
- Documento 2: Memoria Xustificativa e os seus anexos
- Documento 3: Normativa
- Documento 4: Estratexia de actuación e estudo económico financeiro
- Documento 5: Catálogo
- Planos:
  - Planos de Información
  - Planos de proposta-ordenación

O día 01.10.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140117223) o oficio do 25.09.2014 do Subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dando traslado do informe favorable emitido nesa data pola Directora xeral do Patrimonio Cultural, vista a versión V.2 do plan especial.

O informe de contestación de alegacións revisouse e asinouse en outubro de 2014, unha vez recibido o informe sectorial favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O día 13.10.2014, os servizos técnicos e xurídicos municipais emitiron informe en relación á calidade técnica e legalidade do documento.

En sesión ordinaria do 24.10.2014, a Xunta de Goberno Local acordou estimar parcialmente e desestimar as alegacións presentadas durante o trámite de información pública nos termos reflectidos no dito acordo, aprobar provisionalmente o plan especial na súa versión V.2 redactada polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión en febreiro de 2014 e remitilo, xunto co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a emisión do informe preceptivo e vinculante legalmente previsto. O acordo notificouse aos alegantes.

O día 12.01.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150002769) o informe favorable, previo a aprobación definitiva, emitido o día 07.01.2015 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

## *I. Normativa examinada*

- *Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)*
- *Lei 8/2013, de 26 de xullo, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)*
- *Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)*
- *Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)*
- *Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)*
- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística*
- *Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)*
- *Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia*
- *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*
- *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*
- *Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)*
- *Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de Galicia*
- *Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras*
- *Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras*
- *Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)*
- *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)*
- *Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Galicia e Asturias*
- *Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)*

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

## *II. O Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina como instrumento de desenvolvemento do PXOM/08*

*O Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina foi redactado polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión en cumprimento da Resolución do día 01.03.2012 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos e formulado en aplicación dos artigos 4.1.6 e 4.1.7 das NNUU do PXOM/08 e en desenvolvemento da ficha do sistema xeral de espazos libres SX/EL-ZV/B11 MONTE DA MINA, co obxectivo de asegurar a protección, conservación, catalogación, mellora e posta en valor do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico, a preservación do medio ambiente, da paisaxe e o patrimonio cultural.*

*Trátase dun instrumento de desenvolvemento previsto no PXOM/08 e nos artigos 68, 69 e 71 da LOUGA, que contén a ordenación pormenorizada do solo urbano consolidado do seu ámbito de aplicación, que establece as medidas necesarias para garantir a conservación e recuperación dos valores obxecto de protección, que determina a ordenación detallada do sistema xeral SX/EL-ZV/B11 e inclúe un catálogo, consonte o artigo 75 da LOUGA, co obxecto complementar o previsto no PXOM vixente. Así mesmo, dende a súa escala, integra a perspectiva global e integral da paisaxe, incorporando o estudo de visibilidade solicitado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*

*O Plan Especial evidencia tamén o valor cultural da Igrexa de Santa María de Castrelos, consagrada no 1216 segundo inscrición reflectida no testeiro da nave e suxire a súa consideración de BIC. A tal fin, previa decisión do órgano competente, resulta procedente a elaboración da documentación técnica necesaria para, considerando o disposto no artigo 12.1 da LPC, instar da Conselleira de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o inicio do procedemento establecido para a súa declaración de BIC polo Consello da Xunta de Galicia.*

*Finalmente, o seu ámbito abrangue unha superficie de 116.931 m<sup>2</sup> de solo delimitado nos planos de ordenación Series 1 e 2 do PXOM/08, cos axustes precisos xustificadas no documento sometido a aprobación (planos de información I-01 e I-02).*

## *III. Cumprimento da tramitación procedimental*

*A súa tramitación procedimental axustouse ao disciplinado no artigo 86 da LOUGA, de acordo coa súa natureza de planeamento de desenvolvemento secundario, polo que, atendida a Resolución do 15.06.2012 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o día 15.03.2013, sendo sometido ao trámite de información pública e notificación individualizada previsto no artigo 86.1.a) da LOUGA e recabado o informe sectorial favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación*

Universitaria o día 25.09.2014. Logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais en relación á calidade técnica e legalidade da ordenación, foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local e sometido ao informe vinculante e preceptivo previsto no artigo 86.1.d) da LOUGA, dada a súa condición de plan especial dos referidos no artigo 69.4 da LOUGA. O día 07.01.2015, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe favorable previo a súa aprobación definitiva (dentro do prazo conferido na LOUGA). En aplicación do disposto no artigo 86.1.f) da LOUGA, cumpridos os devanditos trámites, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

#### IV. Publicidade e eficacia.

De acordo co artigo 92.2 da LOUGA, o acordo de aprobación definitiva do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina publicarase no DOG e o documento que conteña a normativa e ordenanzas, no BOP de Pontevedra.

A aprobación definitiva será comunicada a CMATI, a que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran e sobre os que recaira a aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo. No anuncio de publicación da aprobación definitiva farase mención desta remisión.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado definitivamente quedan condicionadas ao cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ao que dispoña ao efecto a lexislación reguladora da Administración actuante.

De conformidade co disposto no artigo 77.3, segundo parágrafo, da LOUGA a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición determinada pola aprobación inicial do plan especial extinguirase coa súa aprobación definitiva.

A aprobación deste instrumento de planeamento de desenvolvemento conlevará a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens ou dereitos afectados, no seu caso, aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

#### V. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Por todo o anteriormente exposto, formúlase a seguinte proposta de ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente o «PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO MONTE DA MINA», redactado polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión na súa versión V2, con data de febreiro de 2014 (exp. 13677/411).

**SEGUNDO:** Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recae a presente aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo.

*TERCEIRO: Ordear a publicación do presente acordo no DOG, en cuxo anuncio farase mención á remisión á CMATI da documentación referida no apartado quinto presente acordo e, así mesmo, publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.*

*CUARTO: Ordear a publicación do presente acordo xunto coa ordenación definitivamente aprobada, na sede electrónica do Concello de Vigo e practicar as notificacións preceptivas en observancia da lexislación aplicable.*

*QUINTO: O Plan Especial ten natureza de disposición de carácter xeral polo que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio das accións legais que se estimen convenientes.*

*Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime convinte.*

Con data 23.01.15, o Consello da Xerencia de Urbanismo acord a elevar a anterior proposta á Xunta de Goberno local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(70).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DO EMPREGO NO EXERCIZO 2015. EXPTE. 11572/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe xurídico do 20.01.15, o informe de fiscalización do 21.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 19.01.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, as sinaladas no seu artigo 3.3, apartado d). "A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 de Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."*

*Na Orde do 23 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego (DOG. Núm. 250 do 31 de decembro de 2014).*

*Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións por parte da Consellería de Traballo e Benestar, ás entidades que realicen accións de orientación profesional para o emprego e a asistencia para o autoemprego articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.*

*O artigo 4 da mencionada orde determina a contía das subvencións, que terá por obxecto subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos do persoal contratado, de acordo coas retribucións establecidas na respectiva normativa, ata un máximo de 20.000,00 euros anuais por técnico/a.*

*A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado leva a cabo, entre as súas actuacións, accións de información, orientación e prospección de emprego dirixidas ás persoas en situación de desemprego da cidade e, para a súa execución dispón na Relación de Postos de Traballo (RPT) de cuatro técnicos de información e orientación laboral con consignación orzamentaria nas partidas 2410 1200100 "Retrib. Básicas A2 (P.Emprego)"; 2410 1210001 "Complem. Destino A2 (P.Emprego)"; 2410 1210101 "Complem. Específico A2 (P.Emprego)" e 2410 1600000 "Seguridade Social Emprego". Ademais, conforme ao artigo 10 relativo aos "Requisitos e selección do persoal técnico de información, orientación e prospección de emprego" conta coa titulación, formación e experiencia axeitada para tal fin e xa foran baremados ao abeiro dos programas de información, orientación e prospección de emprego en exercicios anteriores.*

*Non obstante, consecuencia de non prestar este servizo ao abeiro da convocatoria para o ano 2014 no exercicio anterior o persoal de orientación para o que se solicita esta subvención terá a consideración de persoal de nova contratación, aínda que teña relación contratual previa co Concello de Vigo.*

*Por outro lado, a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado dispón de todos os medios técnicos e materiais que a mencionada orde esixe para a realización destas accións e o programa de orientación laboral e busca de emprego a presentar dende este servizo se axusta totalmente ao obxectivo da convocatoria.*

*Poderáse solicitar subvención á Consellería de Traballo e Benestar ata un máximo de 80.000,00 € para a contratación do equipo de orientación laboral formado por cuatro técnicos de orientación laboral sendo precisa unha achega municipal ao proxecto dun total de 114.364,08€.*

*Segundo o artigo 4 relativo a Contía das subvencións e período subvencionable a subvención corresponderá a un período de 12 meses, ademais, no artigo 8, apartado 8 das bases reguladoras e convocatoria sinala que "...A resolución e notificación deberánse producir nun prazo de tres meses, que se contará desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes..."; polo tanto, se prevé que o período da subvención se inicie no mes de maio de 2015.*

*Por todo o exposto e en base á documentación que se inclúe no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*1.- Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e prospección de emprego previstas a realizar nun período de 12 meses que abarcará o ano 2015 e o ano 2016.*



2.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención total de 80.000,00 € para financiar a contratación de catro técnicos/ás de orientación laboral nun período de 12 meses de acordo co establecido na Orde do 23/12/2014, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 114.364,08€ para a contratación dos/as 4 técnicos/as de orientación laboral.

3.- Asumir as obrigas económicas que ao concello lle corresponda no desenvolvemento do proxecto, con cargo ás partidas orzamentarias 2410 1200100 "Retrib. Básicas A2 (P. Empleo)"; 2410 1210001 "Complem. Destino A2 (P. Empleo)"; 2410 1210101 "Complem. Específico A2 (P. Empleo)" e 2410 1600000 "Seguridade Social Empleo" dos presupostos municipais dos anos 2015 e 2016 para o cofinanciamento deste proxecto.

CUSTOS TOTAIS	Mensual			Anual				
	Salario bruto	SS empresa	Custo total	Salario (14 pagas)	SS empresa	Custo total	Subvención Xunta máx.	Aportación municipal
4 Titulado/a medio/a (Orientador/a laboral)	12373,57	3823,43	16197,01	148482,88	45881,22	194364,08	80.000,00	114.364,08

–Orde do 23 de decembro de 2014 no artigo 4: subvención máxima de 20.000,00 €/ano por cada técnico contratado para o desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

3.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Empleo, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(71).- EXPEDIENTE DE PROCEDIMIENTO DISCIPLINARIO A FUNCIONARIO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENCIAS. EXPTE. 23016/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta de data 25.11.14, asinado pola inestructura e polo secretario do procedemento disciplinaria referido, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

I.- O alcalde en data 27 de febreiro de 2013, ditou resolución que na súa parte dispositiva di:

*"PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do procedemento disciplinario incoado por resolución desta alcaldía de data 5 de marzo de 2012 contra D. Carlos Ordóñez Pérez, con nº de persoal 14025, suboficial adscrito ao SEIS, por transcurso do prazo máximo de seis meses para ditar e notificar a resolución, e, en consecuencia, ordenar o arquivo do procedemento.*

*SEGUNDO.- Incoar, en execución da sentenza nº 307/11 do Contencioso Administrativo núm. 2 de Vigo, un novo procedemento disciplinario ao funcionario municipal D. Carlos Ordóñez Pérez, con núm. de persoal 14025, suboficial adscrito ao SEIS, aos efectos de dilucidar e esclarecer a*

*presunta comisión de falta disciplinaria, polos escritos de denuncia de data 30 de xullo de 2009 e 26 de xullo de 2010, nos termos do disposto no artigo 95 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.*

*No escrito de data 30/08/2009, don Manuel López Rodríguez denuncia a situación padecida desde o 30-06-2009 ao 29-06-2009, ao resultar asignado en todas as gardas e sen excepción en segunda saída, sen entrar en ningún tipo de rotación, estando sempre como Suboficial D. Carlos Ordóñez, o que considera un agravio comparativo. En escritos posteriores reiteraba a denuncia polos mesmos feitos e expoñía que este comportamento entraña unha infracción disciplinaria, solicitando a súa persecución.*

*No segundo dos escritos, denúncianse os feitos acaecidos o 26 de xullo de 2010, con ocasión da realización dunha práctica ordenada por D. Carlos Ordóñez, na que este adoptou contra o denunciante medidas de represalia polo uso de gafas de protección solar.*

*TERCEIRO.- Solicitar información ao Xulgado de Instrución núm. 7 de Vigo, dilixencias previas, procedemento abreviado 0005186/2011, sobre se o contido deste procedemento xudicial aberto se refire ao mesmos feitos obxecto do presente procedemento administrativo disciplinario e a conveniencia de suspensión deste procedemento administrativo.*

*CUARTO.- Designar Instrutora do presente expediente á funcionaria técnica de administración Xeral María del Carmen Pintado Garcia, Xefa do Servizo de Transportes, designando como secretario ao funcionario técnico de administración xeral, Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, segundo dispón o artigo 18 do Decreto 94/1994.*

*QUINTO.- Notifíquese o presente decreto aos interesados, outorgándolle trámite de audiencia por un prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da notificación deste, para que podan formular as alegacións que estimen procedentes en defensa dos seus dereitos en relación coa incoación do novo procedemento disciplinario, informándolle que poderán promover a recusación da instrutora e secretario consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e podendo contar con asistencia de letrado/a.*

*SEXTO.- De conformidade co previsto no artigo 25 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo”, dar traslado do presente ao Comité de Persoal do Concello, outorgando un trámite de audiencia por igual prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da recepción deste, respecto de incoación do novo procedemento disciplinario.*

*SÉPTIMO.- Notifíquese a presente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Xefatura da Área de Réxime Interior aos efectos oportunos.”*

*II.- En data 7 de marzo de 2003, foi remitido escrito ao Xulgado de Instrución núm. 7 de Vigo dando traslado do contido do apartado terceiro da resolución ditada.*

*O Xulgado non contestou o citado escrito.*

*III.- A Instrutora do procedemento disciplinario, en cumprimento do previsto no artigo 21 do D. 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario da Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, procedeu a tomar declaración sobre os feitos ao presunto inculpado na data 12/04/2013, ao denunciante en data 19/04/2013 e ao oficial subxefe do SEIS na data 23/04/2013.*

Tamén foi solicitado informe ao oficial subxefe do SEIS sobre as quendas de servizo o cal foi emitido na data 30/04/2013, e a técnica de prevención de riscos laborais do Concello sobre a utilización de gafas de sol no SEIS que foi emitido na data 14/04/2013.

IV.- Non obstante, unha vez tomadas as declaracións sobre os feitos e ante a non recepción da resposta do Xulgado ata aquela data, e a posible identidade dos feitos en ámbolos dous procedementos -administrativo e xudicial- con obxecto de non conculcar o principio de “Non bis in Idem”, formulouse proposta de suspensión provisional do procedemento disciplinario.

V.- O alcalde en data do 28 de maio de 2013, ditou resolución que no seu apartado primeiro e segundo di:

*“PRIMEIRO.- Suspender o transcurso do prazo máximo do procedemento disciplinario iniciado por resolución da alcaldía de data 27 de febreiro de 2013 (expte. 23016/220), ao funcionario municipal D. Carlos Ordóñez Pérez, con núm. de persoal 14025, suboficial adscrito ao SEIS, aos efectos de dilucidar e esclarecer a presunta comisión de falta disciplinaria, polos escritos de denuncia de data 30 de xullo de 2009 e 28 de xullo de 2010, ata tanto non se reciba a información solicitada ao Xulgado de instrucción nº 7 de Vigo, respecto das dilixencias previas do procedemento abreviado 5186/2011.*

*SEGUNDO. - Reiterar ao Xulgado de Instrucción núm. 7 de Vigo a solicitude de información enviada en data 7 de marzo de 2013, en cumprimento do apartado terceiro da resolución do alcalde de 27 de febreiro de 2013 que dicía:*

*“Solicitar información ao Xulgado de Instrucción núm. 7 de Vigo, dilixencias previas, procedemento abreviado 0005186/2011, sobre se o contido deste procedemento xudicial aberto se refire ao mesmos feitos obxecto do presente procedemento administrativo disciplinario e a conveniencia de suspensión deste procedemento administrativo.”*

Dita resolución notificouse ó presunto inculpado e ó denunciante e ó Xulgado de Instrucción núm. 7 de Vigo.

VI.- Con data do 01/08/2014, D. Manuel López Rodríguez presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no que achega como documento número 1, fotocopia do Auto nº 405/2014 ditado pola Sección 5 da Audiencia Provincial de Pontevedra, en data 1 de xullo de 2014 no seo do Recurso de Apelación 1113/2013R, estimatorio parcial deste e determinante do sobresemento provisional e arquivo das actuacións poñendo fin, en consecuencia, ó procedemento penal tramitado (dilixencias previas proced. abrev. 0005186/2011).

VII.- Co obxecto de proceder a levantar a suspensión e continuar coa tramitación do procedemento disciplinario incoado en vía administrativa co núm. 23016/220 polos mesmos feitos, solicitouse ó Xulgado do Penal Núm. 2 de Vigo,

–Testimonio, no seu caso, do Auto de arquivo do procedemento de dilixencias previas, procedemento abreviado núm. 5186/2011 que se seguiu no Xulgado de Instrucción núm. 7 de Vigo, procedemento abreviado 235/2014 que se seguiu nese Xulgado.

–Testimonio do informe do Ministerio Fiscal de data 05.07.2013 (F. 960 e 970) e da declaración do Sr. Domínguez (F. 890 e 891) que se citan no parágrafo penúltimo do fundamento de dereito segundo do Auto nº 405/201 da Audiencia Provincial, Sección nº 5, de Pontevedra, recurso de apelación 1113/2013R (procedemento de orixe dilixc. previas proc. Abrev. 5186/2011) -segundo fotocopia presentada neste Concello- por consideralos axeitados para o esclarecemento e

determinación dos feitos que motivaron a incoación do procedemento disciplinario en vía administrativa.

VIII.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 22/10/2014, a Secretaria do Xulgado Núm. 2 de Vigo, remite a documentación solicitada.

IX.- O alcalde en data do 30 de outubro de 2014, dita resolución que no seu apartado primeiro di:

“Deixar sen efecto a suspensión do transcurso do prazo máximo para resolver o procedemento disciplinario iniciado por resolución da alcaldía de data 27 de febreiro de 2013 (expte. 23016/220), ao funcionario municipal D. Carlos Ordóñez Pérez, con núm. de persoal 14025, suboficial adscrito ao SEIS, aos efectos de dilucidar e esclarecer a presunta comisión de falta disciplinaria, polos escritos de denuncia de data 30 de xullo de 2009 e 28 de xullo de 2010; ditada polo alcalde en data 28 de maio de 2013, toda vez que desapareceron as causas que deron lugar a esta ó ser arquivado definitivamente o procedemento penal P.A. 235/2014, que se seguía polos mesmos feitos, perante o Xulgado do Penal Número 2 de Vigo, segundo Auto do referido Xulgado de 12 de setembro de 2014, e continuar coa tramitación do procedemento disciplinario na forma legalmente prevista.”

## FEITOS DENUNCIADOS

Constitúen obxecto do presente expediente disciplinario os feitos denunciados por don Manuel López Rodríguez na data 30 de xullo de 2009 (núm. Doc. 90113743), e os ocorridos en data 26 de xullo de 2010 e denunciados na data 28/07/2014 (doc. 10010101256).

### I.- Feitos denunciados o 30 de xullo de 2009 (núm. Doc. 90113743)

Refírese o denunciante a que dende a súa volta o 30 de xuño ó parque de Teis, dende o parque de Balaidos, en todas as gardas sen excepción e ata o 29 de xullo de 2009, estivo en segunda saída sen entrar en ningún tipo de rotación, estando sempre como suboficial do servizo don Carlos Ordóñez”, engadindo que “na súa última garda deuse o paradoxo de que en primeira había dous condutores bombeiros e na maioría das ocasións bombeiros de maior idade

Solicita que se “tomen medidas precisas para corrixir, este, cando menos, agravio comparativo”

### II.- Feitos ocorridos en data 26 de xullo de 2010 e denunciados na data 28/07/2014 (doc. 10010101256).

Refírese o denunciante a que estando traballando o día 26 de xullo de 2010 na quenda número 4 como xefe do servizo don Carlos Ordóñez, el e o resto de persoal que alí se atopaban foron chamados para realizar unha práctica ordenada por don Carlos Ordóñez e dirixida polo cabo Hector Seoage.

A práctica consistía en sacar ó exterior o brazo articulado para probar unha lanza así como para a montaxe da padiola.

A práctica realizábase con uniforme ordinario sendo as 11:00 horas

Cando estaba subido na cesta do brazo articulado e debido a que o día era extremadamente soleado utilizou as súas lentes de protección solar de 3M nomocasco.

Nese momento recibiu instrucións para que baixase e fora falar á oficina co suboficial o cal lle preguntou si tiña algún problema na vista e se tiña pensado sacar as gafas.

O denunciando contestoulle que si quería que tirara os lentes tiña que darlle unha orde ao que o suboficial contestou que non ía a darlle ningunha orde e indicoulle que revisara as mangueriras de 70 mm no interior. Este revisou as da toma propias do parque e despois as do camión 7 e parte das do 21.

As 12:20 horas ordenáronlle que deixara o traballo.

Pasados uns 40 minutos, nos vestiarios sufriu unha crise de ansiedade a cal foi tratada no hospital xeral.

Solicita que se sancione ó suboficial por abuso de autoridade e acoso.

## FEITOS PROBADOS

Da documentación obrante no expediente así como das declaracións, tanto do denunciante coma do denunciado, do oficial subxefe do SEIS e do informe deste emitido en fecha 30 de abril de 2013, resulta o seguinte:

- Queda probado que o suboficial, don Carlos Ordóñez Pérez, asignoulle ó bombeiro, D. Manuel López Rodríguez, a segunda saída entre as datas 30 de xuño e 29 de xullo de 2009.

- Queda probado que se produciu un incidente o día 26 de xullo de 2010, cando D. Manuel López utilizaba as gafas de sol durante a realización dunha práctica, sendo suboficial en servizo o Sr. Ordóñez, e que posteriormente dito suboficial ordenóuselle realizar a presurización das mangueriras de 70 mm.

## ANÁLISE XURÍDICO DAS CONDUCTAS DENUNCIADAS

### I.- Sobre feitos denunciados o 30 de xullo de 2009 (núm. Doc. 90113743)

En primeiro lugar, procede analizar se os feitos denunciados sobre a asignación durante certo tempo a segunda saída é constitutiva dalgunha das faltas sinaladas no artigo 95 da Lei 7/2007, de 12 de abril Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigos 3, 4 e 5 do Decreto 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario da Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, se constitúe algunha falta de discriminación, acoso laboral ou abuso de autoridade.

Analizando a documentación obrante no expediente, especialmente:

1.- A declaración do oficial subxefe do SEIS (Servizo de Extinción de Incendios) -F. 287- segundo o cal non existen instrucións verbais ou escritas, ou normativa que estableza os criterios a seguir para asignación do persoal do SEIS ás quendas de primeira e segunda saída. O mando de cada quenda é o que establece as rotacións en primeira e segunda saída. Hai persoal que permanece case sempre en primeira ou en segunda saída e persoal que rota. A distribución está en función da capacidade, idade, experiencia profesional do persoal. Con carácter xeral a

segunda saída ten máis actividade, non por gravidade pero si polo número de intervencións. Téñense dado situacións (incendios forestais) en que o volume de traballo en segunda saída motivou que teñan que rotar os de primeira cos de segunda saída para descansar da carga de traballo que sofren. Hai, tamén, situacións en caso de inclemencias meteorolóxicas en que o volume de emerxencia é tan elevado que as dúas quendas están sempre na rúa atendéndoas, e non existe primeira ou segunda saída. Engade, tamén, que é posible que un bombeiro sexa asignado polo mando con carácter continuado durante un mes ou máis a primeira ou segunda saída.

2.- O informe do oficial subxefe do SEIS de data 19 de agosto de 2009 dirixido á xefa de Recursos Humanos no que indica que o Regulamento de Bombeiros non recolle a distribución nin asignación do persoal a medios materiais senon que é o mando responsable de cada un dos Parques quen os distribúe, anotando nunha pizarra, no momento do relevo, a todo o persoal do servizo, asignándolle medios así como si se encontra en 1ª ou 2ª saída. En ningún caso esta organización interna do servizo implica cambio ningún nas condicións de traballo nin mingua nas retribucións. En moitas ocasións resulta máis cargado de saídas o persoal adscrito a 2ª saída que o que se atopa en 1ª saída. No momento no que se require a intervención, en función do tipo de servizo que se requira e co fin de distribuír mellor os medios humanos e materiais, o responsable de cada parque decide que saía o persoal de 1ª saída ou o de 2ª saída. Di tamén, que o feito de estar adscrito á 1ª ou 2ª saída non quita que o mando responsable de cada parque poida, en función das características do servizo cambiar ó persoal. É competencia do mando responsable de cada parque a organización interna de cada unha das quendas. Señala que se aprecia a existencia dun problema de comunicación a causa dalgún tema persoal, entendendo a postura do suboficial de non poñelo en 1ª saída podendo rotar coma o resto do persoal. O servizo de bombeiros é un servizo de operatividade colectiva e en moi raras excepcións se atopan xustificadas as individualidades, polo que é de suma importancia que entre o persoal de traballo en equipo exista unha boa relación de comunicación.

3.- O Regulamento do Servizo de Extinción de Incendios no seu artigo 15 establece con respecto ás funcións do suboficial, entre outras, a distribución interna dos postos de traballo do persoal ás súas ordes de acordo coa estrutura de servizo.

4.- Sentenza 47/2010, de 16 de febreiro, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo, P.A. 76/2009, (F. 501 a 505) referido a un caso semellante no servizo de Bombeiros da Cidade sobre demanda por asignación en segunda saída con carácter continuado cando o mando era o mesmo, desestima o recurso, entre outros, polos seguintes fundamentos de dereito:

FD PRIMEIRO.-

*“(...). Se trata de una mera decisión organizativa adoptada por un suboficial al que le corresponde distribuir en cada caso los recursos humanos a la hora de organizar la prestación de los servicios. No hay variación, por tanto, de las funciones propias del puesto ocupado por el actor como bombero ya que los servicios denominados de primera y segunda salida son ambos correspondientes a la categoría profesional del demandante.”*

*“(...). No se trata por tanto, de ningún acto administrativo que modifique el conjunto de derechos y obligaciones a que está sujeto el demandante en el desempeño de su puesto de trabajo. No hay ninguna modificación nin del puesto ni de las funciones a desarrollar, y que los servicios de primera y segunda salida corresponde ambos a los funcionarios del cuerpo de bomberos.*

*En estas condiciones, difícilmente puede sostenerse la argumentación del actor respecto a la existencia de un trato discriminatorio.”*

*(...) En ningún caso puede el actor esgrimir el derecho subjetivo a elegir en que coche salir a prestar los servicios ni a elegir si sale en el primer coche o en el segundo, o si el servicio más urgente le tiene que ser encomendado a el o a otro compañero.”*

FD TERCEIRO.-

*“En último termino cabría analizar cuales han sido los motivos que han llevado a que al demandante le sean encomendados en la práctica servicios de segunda salida exclusivamente cuando se encuentra a las órdenes de determinado oficial. En este sentido el análisis del expediente administrativo es suficientemente expresivo de que este caso la decisión organizativa obedece a criterios de la más pura racionalidad en la gestión de los recurso humanos, evitando situaciones de enfrentamiento personal constatadas entre el demandante y otro miembro del servicio.”*

5.- O informe da fiscal de 05/07/2013 evacuado no procedemento de D. Previas nº 5186/11 que se seguiron ante o Xulgado de Instrución Número 7 de Vigo, polos feitos obxecto deste expediente disciplinario, que se da aquí por reproducido.

Polo exposto, no caso que nos ocupa, non existe ningunha norma que estableza que un bombeiro teña que estar na primeira ou segunda saída, a asignación á primeira ou segunda saída non implica ningún tipo de diferenza en canto ó conxunto dos dereitos e obrigas dun bombeiro, que se trata dunha decisión dun suboficial ó que lle corresponde a distribución dos recursos humanos na organización do servizo, que veu motivada pola existencia dun problema de comunicación a causa de temas persoais, e considerando a importancia da operativa colectiva nas operacións do servizo de bombeiros, non se estima que exista falta disciplinaria nin, en especial, de discriminación, acoso laboral ou abuso de autoridade sinaladas no nº 2 apartados b) e o) do artigo 95 da Lei 7/2007, de 12 de abril Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigo 4.1.b) do Decreto 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario da Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, por adoptar unha decisión organizativa do mando tendente a evitar posibles conflitos durante as intervencións deste servizo esencial, toda vez que o suboficial vai en primeira saída.

II.- Feitos ocorridos en data 26 de xullo de 2010 e denunciados na data 28/07/2014 (doc. 10010101256).

En segundo lugar, procede analizar se os feitos denunciados sobre o incidente do día 26 de xullo de 2010, cando D. Manuel López utilizaba as gafas de sol durante a realización dunha práctica, sendo suboficial en servizo o Sr. Ordóñez, e que posteriormente dito suboficial ordenoulle realizar a presurización das mangueras de 70 mm. se constitúe algunha das faltas reguladas no artigo 95 da Lei 7/2007, de 12 de abril Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigos 3, 4 e 5 do Decreto 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario da Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, se constitúe algunha falta de discriminación, acoso laboral, abuso de autoridade.

Analizando a documentación obrante no expediente, especialmente:

1.- Informe do oficial subxefe do SEIS dando contestación ó escrito do servizo de recursos humanos de fecha 3 de agosto de 2010 (F. 518 ) no que, en relación cos feitos ocorridos o 26 de xullo de 2010, manifesta que o suboficial Carlos Ordóñez comunícalle telefonicamente que o bombeiro Manuel López Rodríguez encóntrase con gafas de protección solar no transcurso e execución dunha práctica, o que lle contestou que lle preguntase se tiña algún problema ocupar

e, no caso de ser afirmativo, que lle encomendase outra tarefa no interior do parque, e engade que as instrucións da xefatura son que tanto nas intervencións como na realización de prácticas non poden utilizarse gafas de protección solar a título persoal por ser estas totalmente incompatibles cos EPIS de traballo que este servizo ten asignados. Indica, tamén, que descoñece se na práctica do mencionado día, o persoal participada cos EPIS establecidos e tamén descoñecía que tarefa lle pido encomendar ó bombeiro Manuel López Rodríguez en substitución da práctica.

2.- A declaración do Suboficial subxefe do servizo de data 23 de abril de 2013 (F. 286), na que indica que cando se realiza unha práctica e se está cos EPIS de traballo é incompatible a utilización de gafas de sol e cando se realiza a práctica sen a totalidade dos EPIS o normal é que tampouco se utilicen gafas de sol. Tamén, indica que tivo coñecemento dos feitos por unha chamada do Sr. Ordóñez sobre as 11:00 horas e deulle as instrucións de que fose a falar con el e comprobouse se puidese ter un problema ocular e, se fose así, que lle dese outro tipo de traballo no interior. Asímesmo, manifesta que a revisión das mangueras de 70 mm do Parque e dos vehículos de bombeiros entra dentro das obrigas a realizar polos bombeiros e que é un traballo que pode facer un bombeiro só, aínda que cando se revisan as existentes nos vehículos e no parque é normal realizar o traballo en equipo.

3.- A declaración do denunciante de data 19 de abril de 2013 (F. 282), na que indica que estaban realizando a práctica sen os EPIS completos, non utilizaban nin casco nin chaquetón xa que facía moito calor. En canto á conversación co suboficial Sr. Ordóñez, manifesta que o mesmo preguntoulle si tiña algún problema na vista o cal lle respondeu que non e que non tiña pensando quitar as gafas e preguntoulle o dito suboficial se era coñecedor do informe da técnica de riscos laborais, dona Isabel Cabeza Pereiro, de data 24 de xullo de 2009 que regulaba a utilización de lentes

4.- O informe da técnica municipal de Riscos Laborais de data 14/05/2013 (F. 313) no que indica que as gafas de protección solar son equipos de protección individual y que de ser necesarias deben ser proporcionadas polo servizo e nunca polos traballadores, posto que, como se desprende do citado informe, quen asegura a adecuación ós riscos dun equipo de protección non proporcionado polo Concello de Vigo. Tamén indica que as gafas de sol, EPIS de categoría I, deben ser utilizados cando sexan necesarios para protexer os ollos das radiacións solares, pero sempre que a súa utilización non supoña un risco engadido o que se producirá cando sexa incompatible coa utilización doutros EPIS.

5.- O informe da fiscal de 05/07/2013 evacuado no procedemento de D. Previas nº 5186/11 que se seguiron ante o Xulgado de Instrución Número 7 de Vigo, polos feitos obxecto deste expediente disciplinario, que se da aquí por reproducido.

Pódese concluir, por tanto, que con carácter xeral a utilización de gafas de sol non está permitida no SEIS ó ser incompatibles co uso de outros EPIS necesarios nas actuacións propias do servizo, e para o caso que se demostrase a necesidade da súa utilización polas circunstancias climatolóxicas ou por circunstancias persoais dalgún integrante do servizo -sempre que non se estiveran utilizando os EPIS que as fagan incompatibles- estas debería ser facilitadas e subministradas polo Concello como EPIS de categoría I, xa que sería a única forma de asegurar que reúne os requisitos dos citados EPIS.

No caso concreto que nos ocupa non se dan estas circunstancias tal e como manifesta o propio denunciante na súa declaración do 10 de abril de 2013, xa que as gafas non foron facilitadas polo Concello como EPIS de categoría I.



Polo que respecta á orde de realización de traballos no interior parece que responde ás instrucións dadas telefonicamente polo oficial subxefe do SEIS, ante a consulta formulada polo Sr. Ordoñez, e a non intención do Sr. López de quitarse as gafas.

En canto á actividade que se lle encomendou realizar no interior o Sr. López, presurización de mangueriras de 70 mm, de conformidade coa declaración realizada polo oficial subxefe a tarefa encomendada de revisión de mangueriras de 70 mm do parque de bombeiros entre dentro das obrigas a realizar polos bombeiros e, se ben é un traballo, que o normal é realizalo en equipo, a revisión de cada manguera pode facelo un bombeiro so. Tampouco aparece que o oficial lle encomendase a revisión dun número determinado de mangueriras ou vehículos e súa tarefa rematou ás 12:20 horas.

Por tanto, nos presentes feitos non se aprecia que exista falta disciplinaria nin, en especial, de discriminación, acoso laboral ou abuso de autoridade previstos no artigo 95.2, apartados b) e o), do artigo 95 da Lei 7/2007, de 12 de abril Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigo 4.1.b) do Decreto 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario da Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia,

Ten indicado a xurisprudencia de forma reiterada que:

*“falta de abuso de autoridad en el ejercido del cargo supone un actuar que resulta injusto por un desmedido uso de las facultades inherentes a la condición funcional que se ostenta, excediéndose, propasándose u aprovechándose de las mismas para llevar a cabo una actuación que no es propia o adecuado a su contenido.”* (AN, Sala de lo Contencioso-administrativo, S. 30/01/2013, rec. 162/2012)

*“Esta Sala y Sección en Sentencia de diez de marzo de dos mil diez, recurso de casación núm. 2001/2009 , se ha hecho eco de modo sustancial de esta definición del acoso laboral o mobbing tomándola de la Sentencia de instancia al afirmar que se define como tal una situación en la que se ejerce una violencia psicológica, de forma sistemática y durante un tiempo prolongado sobre otra persona o personas en el lugar de trabajo con la finalidad de destruir las redes de comunicación de la víctima o víctimas, destruir su reputación, perturbar el ejercicio de sus labores y lograr finalmente que esta persona o personas acaben abandonando el lugar de trabajo”* (STS, Sala Tercera de lo Contencioso-Administrativo, de 16 febrero de 2011, rec. 593/2008)

Ningún dos presupostos de feito que tipifican estas faltas tal e como son interpretados pola citada xurisprudencia se aprecian nos feitos obxectos dos escritos que motivaron a incoación deste procedemento sancionador en execución de sentenza polos motivos xa expostos, resultando evidente tal e como constan nos informes da técnica de prevención de riscos laborais, do propio suboficial xefe do servizo do SEIS, que recolle a fiscal no seu escrito de 05/07/2013 do procedemento penal, o ambiente nocivo existente no SEIS, a mala relación, definida como hostil e de difícil solución, existente entre o denunciante e o inculpado; que debería encontrar solución no marco dunhas claras instrucións de funcionamento do servizo que dimanen do persoal que ten a dirección do servizo e da templanza que debe existir entre todo o persoal do SEIS para o bo funcionamento deste servizo esencial da Administración municipal.

**SOBRE A CONSIDERACIÓN DE PARTE INTERESADA NO PROCEDUREMTO DO DENUNCIANTE**

O denunciante, don Manuel López Rodríguez, presentou escritos nos que solicita que se lle teña por parte no procedemento disciplinario por ter a consideración de interesado aos efectos de propoñer proba e demais dereitos que lle outorga tal condición.

Analizada esta pretensión compre sinalar que a doutrina e xurisprudencia existentes teñen indicando que nos procedementos disciplinarios, en ningún caso pode considerarse ó denunciante como interesado, pois na eventual esixencia ó imputado da súa responsabilidade non obterá ningún beneficio, nin evitará ningún prexuízo certo para este. Esta é a liña seguida polo Tribunal Supremo en numerosas sentencias relacionadas co exercicio da potestade disciplinaria respecto de xuíces e maxistrados e outros funcionarios das administracións públicas, afirmando que a clave para esclarecer se o denunciante ostenta a consideración de interesado, será si a imposición da sanción pode producir un efecto positivo na esfera xurídica do denunciante ou pode eliminar unha carga ou gravame desa esfera. [STS 5 de marzo de 1998 (Ar. 301/1994), STS 4 de marzo de 1998 (Ar 718/1995)].

Outras sentenzas que, seguindo a mesma liña, non consideran ó denunciante interesado no procedemento disciplinario:

- STSX de Castela e León, Sala do C-A, Sentenza 10/04/2014, rec. 383/2011 (LA LEY 47394/2014) que no seu FD segundo di:

*“Segundo.- La situación jurídica de un denunciante en un expediente disciplinario iniciado a un funcionario del Estado no es, propiamente, la de tener la condición de parte o de interesado en un procedimiento administrativo de conformidad con lo previsto en el artículo 31 de la Ley de Régimen y Procedimiento 30/1992 .*

*La consideración precedente resulta, en primer lugar, de lo que establecen los artículos 27, segundo párrafo, y 48.3, segundo párrafo, del RD 33/1986 que aprueba el reglamento del régimen disciplinario de los funcionarios del Estado; disposiciones que sancionan y a favor de la persona denunciante dos efectos jurídicos: la notificación del acuerdo de iniciación del procedimiento y la notificación de la resolución que pone fin al indicado procedimiento. Fuera de estas dos posibilidades ese reglamento no concede al denunciante la condición de interesado según aquel artículo 31, tampoco permite que el mismo intervenga activamente en el expediente interesando la práctica de diligencias o una determinada calificación de un ilícito disciplinario ni la consiguiente sanción por el mismo. Este régimen jurídico obedece a que el titular de la potestad sancionadora es la Administración estatal y que su ejercicio siempre es de oficio, sirviendo la denuncia como un mero acto de puesta en conocimiento de un hecho que y a decisión de aquel titular podrá o no ser investigado según lo que figure en esa denuncia y lo que resulte de la información reservada.*

*En segundo lugar, ese régimen jurídico también existe en el campo de la responsabilidad disciplinaria de los Secretarios Judiciales, sea por lo que establece el artículo 172.2) del Real Decreto y 608/2005 o sea porque el artículo 184 no contiene una prescripción semejante a la contenida en el antes expresado artículo 48.3, el cual opera como fuente reguladora de segundo grado de acuerdo con la disposición final primera de ese Real Decreto.*

*Y en tercer lugar, la Sala 3ª del Tribunal Supremo mantiene como criterio constante en el ámbito de los expedientes disciplinarios que el denunciante puede tener legitimación activa en un proceso para recurrir la decisión administrativa que pone término al expediente siempre que con ese recurso judicial lo pretendido es depurar la legalidad de la actividad de investigación y comprobación del hecho por aquel denunciado, pero que esa legitimación no abarca o no comprende la pretensión de imponer una determinada sanción al*

*funcionario: por todas y como reciente la sentencia de la Sección 7ª de 28 de octubre de 2011 y las que se citan en el fundamento jurídico cuarto.”*

- STSX de Galicia, Sala do C-A, Sentenza 08/04/2009, rec. 378/2008 (LA LEY 52003/2009) que no seu FD segundo “in fine” di -nun suposto de denuncia por suposto acoso e maltrato-:

*“Debe tenerse en cuenta, de otra parte, que non asiste derecho alguno al recurrente, como parece colegirse de sus afirmaciones, a constituirse eventualmente en parte en un expediente disciplinario, sino tan sólo a denunciar los posibles hechos que, a su juicio, podrían dar lugar a la apertura de un expediente disciplinario y a aportar con la denuncia los elementos probatorios que podrían dar razanes de los hechos denunciados.”*

- STSX de Galicia, Sala do C-A, Sentenza 24/02/2011, rec. 4362/2011 (LA LEY 23681/2011) que no seu FD segundo di:

*“Sobre la base de los hechos que quedan relatados, esta Sala ha de rechazar, acogiendo en su totalidad la fundamentación jurídica de la sentencia de instancia que da, a todos los efectos por reproducida, el recurso interpuesto por la parte actora, pues no puede olvidarse que la clave para apreciar si existe o no un interés legítimo en el proceso de impugnación de una resolución dictada en el expediente que se incoa en virtud de una denuncia de un particular por una hipotética responsabilidad atribuida a un tercero, debe situarse en el dato de si la imposición de una sanción puede producir un efecto positivo en la esfera jurídica del denunciante o puede hacer desaparecer una carga o gravamen en dicha esfera, y lo cierto es que el Tribunal Supremo viene negando la condición de legitimado a los denunciantes en los procesos disciplinarios, ya que, en aplicación de lo antes dicho, la esfera personal del recurrente en modo alguno se ve afectada por la estimación de su recurso y por la eventual imposición de una sanción disciplinaria al letrado, no produciéndose en todo caso el más mínimo efecto positivo en la esfera de intereses del denunciante, ni tal eventualidad constituye o da lugar a la satisfacción de un interés que deba ser considerado como legítimo.”*

Por tanto, aplicando a citada doutrina ó caso que nos ocupa non se observa que a imposición dunha eventual sanción ó presunto inculpado no expediente disciplinario afecte ós dereitos subxectivos do denunciante –que puideran estar recoñecidos nunha norma-, nin que poida producir uns efectos positivos, nin eliminar ningunha carga o gravame na esfera xurídica do denunciante máis alá da mera satisfacción indirecta deducida do carácter represivo da sanción. Neste sentido de acordo co establecido nos artigos 16.2 e 31.3. do Decreto 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime disciplinario da función pública da C.A. de Galicia que non recoñece o denunciante outra participación dentro do procedemento disciplinario que a notificación das resolucións de iniciación e terminación do procedemento

É competente para a resolución do procedemento disciplinario a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- DESESTIMAR os escritos presentados polo denunciante, D. Manuel López Rodríguez, no procedemento disciplinario número 23016/220, en canto se refiren á solicitude de condición de parte interesada no procedemento disciplinario, cos dereitos que tal situación

xurídica comporta, de conformidade cos fundamentos recollidos na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- SOBRESER o procedemento disciplinario núm. 23016/220 incoado por resolución do Alcalde de data 27 de febreiro de 2013 ao funcionario municipal D. Carlos Ordóñez Pérez, con núm. de persoal 14025, suboficial adscrito ao SEIS, aos efectos de dilucidar e esclarecer a presunta comisión de falta disciplinaria, polos escritos de denuncia de data 30 de xullo de 2009 e 26 de xullo de 2010, toda vez que das actuacións practicadas no procedemento e o recollido na parte expositiva deste acordo, non se aprecia a existencia de falta disciplinaria.

TERCEIRO.- Contra este acordo poderán, consonte os artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, os interesados interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

CUARTO.- Notificar este acordo ó denunciado (presunto inculpado), ó denunciante e á Xunta de Persoal do Concello de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **23(72).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”. EXPTE. 1213/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Comercio, da mesma data, conformado polo concelleiro delegado da Área de Comercio, que di o seguinte:

*Obra: “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”.*

*Localidade e situación: VIGO, RUA PROGRESO*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. JESUS CORDEIRO RODRIGUEZ*

*Dirección facultativa: D. JUAN PIÑEIRO FERRADAS, D. DAVID CARVAJAL RODRIGUEZ-CARDARSO,*

*D. AURELIO ADAN FERNANDEZ*

*Contratista titular do plan: CIVIS GLOBAL, S.L.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JESUS CORDEIRO RODRIGUEZ*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: DNA. BEATRIZ FERNANDEZ ESTEVEZ*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS*

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria CIVIS GLOBAL, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(73).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.